

Análise socioeconómica da bisbarra de

Meira

Autores: Facultade de Administración e Dirección de Empresa. Campus de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela

Dna. Iria Cabana García. Licenciada en Administración e Dirección de Empresa. Campus de Lugo. Universidade de Santiago.

Dna. Marta Camino Santos. Licenciada en Administración e Dirección de Empresa. Xerente de Quorum Económico, SL.

D. Francisco Ferreiro Seoane. Profesor da facultade de Administración e Dirección de Empresa. Campus de Lugo. Universidade de Santiago.

Edita: USC Y Quorum Económico S.L.

Lugar: Lugo

Ano: 2015

ISBN: 978-84-606-6386-7

Deseño Portada: Vicente López Chao

Impresión: Inversiones Carcor, S.L.

Meira

*O gurgullante e craro río Miño,
na serra escomenzando súa carreira,
vai bicando o belido chan de Meira
ó seguir, car-ó mar, o seu camiño.*

*A vila, branca pomba que ten niño
no xardín arumoso da ribeira
frolecida – perenne primaveira-
asemella de céio un anaquiño.*

*E dos ollos ledicia, así enxoiada
a feiticeira vila, coroada
pol-o vello campanario do mosteiro.*

*Dalle a serra seu marco de grandeza
i-valora na praza sua nobreza
a maxestá sinxela d-un cruceiro.*

O Poeta de Meira
Avelino Díaz
(14/11/1870) – (29/11/1961)

ÍNDICE

1.- Situación xeográfica da Comarca de Meira: A Terra Chá.....	1
2.- Recursos Físicos.....	3
2.1.- O medio natural.....	3
2.2.- Infraestruturas e equipamentos.....	8
2.2.1.- Vías de comunicación.....	8
2.2.2.- Parque empresarial.....	9
2.3.- Benestar social.....	10
2.3.1.- Centros sanitarios e educativos.....	10
2.3.2.- Servizos socioculturais e deportivos.....	11
2.3.3.- Outros servizos.....	14
3.- Análise demográfica.....	16
3.1.- Evolución da poboación.....	16
3.1.1.- Sistema de asentamentos.....	18
3.2.- Pirámide de poboación por idade e xénero.....	19
3.3.- Distribución da poboación nacional e estranxeira.....	21
4.- Análise do mercado laboral.....	23
4.1.- Distribución de desocupados por sectores.....	23
4.1.2.- Número de afiliados á Seguridade Social.....	24
4.2.- Evolución de desempregados por xénero e idade.....	24
4.3.- Taxa de paro rexistrado.....	25
4.4.- Composición laboral: asalariados.....	26
5.- Análise sectorial: sector primario.....	27
5.1.- Agricultura.....	27
5.2.- Gandaría.....	29
6.- Análise Sectorial II: Actividades industriais e de construción.....	31
6.1.- A industria.....	31
6.2.- A construción.....	34
6.3.- A enerxía.....	35
7.- Análise sectorial III: O sector servizos.....	37
7.1.- O comercio.....	37
7.2.- Hostalaría e ocio.....	40
7.3.- Turismo.....	41
7.4.- O sector público.....	46
7.5.- A banca.....	47
7.6.- Transportes e comunicacións.....	47
8.- Outros indicadores de riqueza.....	49
8.1.- Renda familiar dispoñíbel e PIB por habitante.....	49

8.2.- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.....	49
8.3.- Evolución de automóviles.....	51
9.- Análise DAFO.....	52
9.1.- Análise interna: debilidades e fortalezas.....	52
9.2.- Análise externo: ameazas e oportunidades.....	58
10.- Plan de actuación recomendado.....	61
Bibliografía.....	63

En primeiro lugar, o espazo que ocupan é unha gran superficie de erosión, das mellor conservadas en Galicia, que en numerosas áreas presenta unha topografía practicamente chaira.

As paisaxes resultantes son moi uniformes, cun claro dominio das chairas, con pequenos resaltes nos bordos, grandes superficies dedicadas a prado, con matas de bosque autóctono e fragas de ribeira, así como as tan criticadas especies de repoboación que comezan a penetrar nestas grandes bisbarras.

Son as terras de nacemento do Miño, do seu discorrer lento e manso na cabeceira, xa que a planicie é máxima nalgúns puntos. Son espazos de duros invernos e calorosos veráns, con certos matices de continentalidade.

Pero o que verdadeiramente emparenta a estes dous espazos é a súa estrutura económica. Nunha área dominada polas amplas superficies dedicadas a prado, é obvio atopar un claro predominio de gandería bovina e das grandes granxas leiteira.

Esta actividade gandeira caracterízase polo seu gran desenvolvemento, pola mecanización, pola capitalización do sector e pola existencia de grandes granxas de alta produtividade (A Pastoriza, Castro de Rei, Cospeito e Vilalba son catro dos concellos de maior tradición bovina de toda a comunidade galega).

A unidade territorial vese reforzada, así mesmo, polas grandes áreas de influencia trazadas dende as principais cabeceiras comarcais. Vilalba, a pesar da súa posición excéntrica no centro-leste da unidade, é a auténtica capital terciaria e centralizadora deste territorio, concentrando a meirande parte dos servizos e equipamentos. A súa influencia esténdese tamén á bisbarra de Meira. Concellos, como os da Pastoriza ou Pol gravitan, así mesmo, sobre a capital chairega, moito máis grande e mellor dotada que Meira.

Tamén a influencia doutras vilas faise notar na propia unidade comarcal. Polo noroeste nótase certa influencia de núcleos como As Pontes de García Rodríguez e Viveiro, que exercen unha relativa atracción sobre Muras. O mesmo sucede polo norte, xa que os habitantes de Abadín, para certos servizos, diríxense a Mondoñedo ou mesmo ás vilas máis dinámicas da Mariña. Sucede algo semellante con Riotorto, moi ligado tradicionalmente á Pontenova e Ribadeo. Por suposto, é moi destacada a forza que exerce Lugo sobre todo o conxunto debido a súa relativa proximidade.


2.- Recursos físicos

2.1.- O medio natural

◆ Relevo

A configuración do relevo da bisbarra está determinado pola presenza de tres unidades morfolóxicas ben diferenciadas. En primeiro lugar, a serra de Meira, que ocupa o centro do territorio comarcal e serve de liña divisoria entre as augas dos ríos Eo e Miño; en segundo termo, ao oeste desta, a mal chamada meseta lucense, que se corresponde cunha antiga superficie de erosión; e en terceiro lugar ao leste da serra, está o val do Eo, moi encaixado entre as elevacións veciñas.

A serra de Meira ten unha clara orientación norte-sur, mantendo de maneira constante un nivel de cumios por riba dos 800 metros, como no Alto do Couso, de 828 metros, ou o Forno do Martiño, de 893 metros. Preséntanse como un relevo de tipo apalachense, sobre pendentes suaves e modeladas, onde destacan algunhas vigorosas cristas de cuarcitas.



Principais unidades de relevo

Cara ao oeste da serra desenvólvense unha serie de amplas planicies, ordenadas en varios chanzos, descendendo progresivamente de leste a oeste, dende os 700 aos 450 metros. Nesta área, que se pode encadrar dentro da meseta lucense, aparecen restos de antigas superficies de aplanamento a alturas de 600-950 metros, que foron resaltadas pola erosión diferencial sobre materiais máis resistentes.

A terceira unidade comarcal é o val do Eo, que se abre ao leste da serra de Meira. Trátase dun val encaixado, con pendentes moi pronunciadas, que pasa de máis de 800 metros nos altos cumios a menos de 200 no fondo do val.

A bisbarra presenta unha litoloxía onde dominan as rochas sedimentarias pouco metamorfizadas formadas por xistos, lousas, cuarcitas e areas, aínda que tamén existen algunhas bandas estreitas de rochas calcarias.

◆ Hidrografía

Dentro do conxunto hidrográfico, destacan dúas importantes concas: a do Miño, ao oeste da serra de Meira, e a do Eo, ao leste.

O Miño, que nace na serra de Meira, máis concretamente no Pedregal de Irimia, posúe un percorrido moi cativo no concello de Meira, e pasa rapidamente ás amplas chairas onde remansa as súas augas. Tributan no Miño numerosos cursos, dos que destaca o Azúmara, que forma unha pequena subcunca no sur, á que flúen os ríos Lea e Pol.

No entanto, dous espazos compiten hoxe en día por ser os protagonistas da emanación das augas deste gran río e dúas son tamén as bisbarras que compiten: Terra Chá e Meira. O Pedregal de Irimia, no concello de Meira, parece ser o punto xeográfico onde o Miño ten o seu nacemento, nunha área dominada polas pendentes pronunciadas e as matogueiras. Fontemiñá, augas abaixo, é unha pequena lagoa, convertida hoxe en área recreativa, onde a sinalización pon claramente “nacemento do Miño”, pero se se observan outro tipo de paneis informativos, aparece a frase: “Tras o seu nacemento en Pedregal e en Fontemiñá...”. No centro da vila de Meira, en cambio, hai un sinal informativo que di: “O Pedregal, nacemento do Miño”. Segue sen estar claro, polo tanto, cal ten o protagonismo, se Pedregal de Irimia ou Fontemiñá. Lonxe de alimentar a polémica, o que se comproba é que o Miño non distingue de fronteiras administrativas e que discorre manso e paseniño pola chaira luguesa, sendo un dos seus grandes símbolos de identidade.

E por outro lado, temos a conca do Eo, situada nunha dirección contraria á anterior, recibe como afluentes o Lúa, Servial, Rodil e Torto. Trátase de cursos tortuosos que forman vales estreitos e fondamente encaixados debido á proximidade do Cantábrico, onde desauga o Eo.

Río MIÑO (do nacemento a Lugo)		
Nacemento: Leiras no monte de Louseiras e Pedregal de Irimia (Serra de Meira)		
Desemboca: Océano Atlántico		
Afluentes máis importantes: Río Madalena, Miñotelo, Rigueira, Pequeno, Azúmara, Anllo, Ladra, Labrada e Piñeiro		
Extensión total: 307,5 km	Conca total: 17.027 km ²	
Extensión tramo: 73 km	Conta tramo: 2.3030 km ²	
Caudal absoluto tramo*: 43 m ³ /s	Caudal relativo tramo*: 18,2 l/s/m ²	Pendente media tramo*: 0,45%


* Estación de capacidade Lugo

Río EO		
Nacemento: Serra do Miradoiro		
Desemboca: Río de Ribadeo		
Afluente da bisbarra : Río Martín		
Extensión total: 89 km	Conca total: 930 km ²	
Extensión tramo: 79km	Conta tramo: 700 km ²	
Caudal absoluto tramo*: 24,41 m ³ /s	Caudal relativo tramo*: 26,29 l/s/m ²	Pendente media tramo*: 0,86%

* Desembocadura do río Eo

Fonte: *Os ríos galegos* (1992), de F.J, Río Barja e F Rodríguez Lestegás

◆ Clima




O tipo de variedade climática na que se encadra o territorio comarcal é oceánica continental. Porén, as terras situadas por debaixo dos 300 metros poderían adscribirse a un clima de transición entre o oceánico húmido da costa e o devandito oceánico continental. O afastamento do mar favorece unha continentalización das temperaturas, feito no que tamén incide directamente a altitude. A Dorsal Meridiana interponse no camiño das correntes húmidas do suroeste, oeste e noroeste cara a estas terras, polo que as precipitacións non son demasiado elevadas.

Precipitacións anuais
Fonte: Atlas de Galicia

Os valores pluviométricos sitúanse entre os 1.000 mm anuais dos vales do Eo e os seus afluentes, e os 1600 mm/ano das serras máis elevadas. O ciclo anual das precipitacións está marcado polo mínimo pluviométrico estival, co 11% das chuvias, e o máximo invernal, co 33%. A altitude e as baixas temperaturas invernales favorecen a presenza da neve, que aparece en 20 xornadas anuais.

A degradación das condicións climáticas oceánicas tamén se constata no ambiente térmico. O afastamento do litoral acentúa o descenso da temperatura media anual, que se sitúa nos 12° C e está definida pola caída térmica no inverno, con medias de 5° C. No verán as medias non adoitan superar os 18° C, cunha oscilación térmica de 13° C, bastante marcada. O risco de xeadas é elevado debido á altitude e son habituais entre outubro e maio.




Dominios climáticos.
Fonte: Atlas de Galicia

◆ Unidades paisaxísticas

Na bisbarra de Meira están presentes dous tipos de paisaxes ben diferenciados.

A primeira delas domina na maior parte do conxunto comarcal. Correspóndese cunha área que abarca a totalidade dos concellos de Ribeira de Piquín e Riotorto e a franxa oriental dos de Pol e Meira. É unha paisaxe de montaña suave, con numerosas fallas, ás que se adaptaron os principais cursos fluviais. Nestes espazos nace o río Miño e tamén está presente o Eo, que debuxa profundas gorxas.


Domina un manto vexetal composto por especies autóctonas, como os carballos, aínda que se ven perigosamente desprazados pola penetración de pinos e eucaliptos. As densidades de poboación son moi baixas, aínda que a súa incidencia no espazo é clara no caso das áreas cultivadas.



Principais tipos de vexetación

Fonte: Atlas de Galicia

Outra das tipoloxías paisaxísticas é a dominada por unha área de superficies planas, consideradas como superficies de erosión tapizadas en materiais sedimentarios aluviais. Neste caso, trátase da unidade formada pola tradicional Terra Chá, unha prolongación dende aquela bisbarra cara ás terras de Meira. Abarca a parte occidental dos concellos de Meira e Pol e caracterízase polo predominio de amplos prados e pasteiros, só interrompidos por algúns espazos de monte. As densidades de poboación son máis elevadas que no anterior caso.



Distribución de pendentes medias

Fonte: Atlas de Galicia

◆ Espazos naturais protexidos

A diversidade paisaxística das terras meiregas levou ás administracións competentes no territorio a protexer certas áreas polo seu alto valor ecolóxico, estético e ambiental. Son dous os espazos protexidos na bisbarra de Meira: o río Eo, curso fluvial do oriente comarcal, e as fragas de Carballido, compartida coas bisbarras dos Ancares e A Mariña.

O espazo natural do río Eo, está composto por varios sistemas de hábitats, dos que hai que salientar os distintos tipos de uceiras, con especies vexetais como *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*. Destaca tamén a vexetación de escaso crecemento e curta vida dos rochedos, así como os magníficos exemplos de bosque de ribeira, con amieiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus excelsior*). A fauna máis destacada compóñena algúns pequenos mamíferos e numerosos réptiles.

O conxunto de fragas de Carballido esténdense na bisbarra polo concello de Ribeira de Piquín. Ademais das especies típicas, existen outras como as englobadas dentro dos bosques de ribeira, amieiros, freixos e salgueiros, e as uceiras. A fauna, moi importante nestas formacións boscosas, componse dalgúns especies de mamíferos como as londras, ratos de almisce e morcegos, así como un conxunto moi amplo de aves: azores, gabiáns, rulas, bubelas ou tordos. Estas fragas destacan pola súa frondosidade, pola superficie que ocupan e polo seu escaso deterioro, aínda que a ameaza dos eucaliptos tamén está presente.

Nome: Río Eo

Concellos: A Fonsagrada, A Pontenova, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Trabada, Riotorto e Meira

Extensión: 781,13 hectáreas

Figuras de protección: - LIC (Lugar de importancia comunitaria)
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais

Características: río cantábrico con importantes superficies intermareais lamacento-areeiras que chega a albergar ata 5.000 aves acuáticas durante o período invernal. Río salmoneiro ben conservado

Nome: Carballido

Concellos: A Fonsagrada, A Pontenova e Ribeira de Piquín.

Extensión: 4.633,94 ha


Figuras de protección: - LIC (Lugar de importancia comunitaria)
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais

Características: Conxunto de fragas caducifolias de carballo e castiñeiro situadas nos barrancos do río Rodil e os seus afluentes. No límite superior destas fragas existen bidueiros de certa extensión.

Fonte: Consellaría de Medio Ambiente. 2010

2.2.- Infraestruturas e equipamentos

2.2.1.- Vías de comunicación



Fonte: Oficina de Turismo

A principal vía de comunicación de Meira, é a nacional N-640, que comunica Lugo con Ribadeo. Esta estrada atravesa a zona oeste da bisbarra, tendo como eixe central o concello de Meira.

Asemade, pola mesma zona oeste, atopámonos con outras dúas estradas comarcais de vital importancia: a estrada LU-120 con dirección a Vilalba e a estrada LU-122 con dirección Mondoñedo e Lourenzá. Ambas as dúas, estradas medianamente modernizadas e recentemente amañadas.

Porén, a zona este só ten como vía máis destacábel a estrada comarcal LU-750 dirección Baralla, a cal, en contra das dúas anteriores, atópase nunhas condicións lamentábeis que fan da condución un perigo, sendo así unha vía de comunicación de mal paso.

Así pois, respecto ás estradas, podemos concluír que a bisbarra de Meira está ben comunicada en canto a súa zona chá, de conexión cá zona Vilalbesa e Mindoniense, mentres que, a súa zona montañosa pertencente á Serra, e polo tanto os accesos ás zonas montañas limítrofes, son escasas e malas.

Engadir que, como todo pobo galego, xunto con estas vías máis oficiais, están tamén as pistas que comunican as distintas cabeceiras e aldeas do conxunto comarcal.

Por último, grazas a estas estradas podemos chegar tamén á bisbarra de Meira mediante as diferentes liñas de bus, e incluso desprazarnos por toda a bisbarra grazas aos taxis que están situados nos catro concellos.

2.2.2.- Parque empresarial

Para que un parque empresarial funcione, ten que ter uns bos accesos. De aí que, tendo en conta o que vimos no apartado anterior, o único parque empresarial da bisbarra de Meira é no concello do mesmo nome. Isto débese a que é polo concello de Meira por onde pasa a mencionada estrada nacional N-640.

Parque Empresarial de Meira	
Localización	Estrada N-640, no municipio de Meira
Promotor	Xestur Lugo
Xestor	Xestur Lugo
Superficie total	75.708 m ²
Nº Parcelas IND e CIAL	35
M2 IND e CIAL	48.439 m ²
Tamaño parcelas	445-20.722 m ²
Equipamentos Sociais	1.113 m ²
Equipamentos Deportivos	2.385 m ²
Fonte: www.xesturlugo.com	9.380 m ²
Sistema Viario e Aparcadoiro	10.116 m ²

Este parque atópase actualmente en plena fase de desenvolvemento, estando xa executada a primeira fase das dúas previstas segundo o Xestur de Lugo, empresa pública que promove e xestiona o parque.

Pero proximamente, os beneficios deste parque para a bisbarra veranse repartidos. Isto débese a que non é o único parque empresarial en construción, senón que os municipios das inmediacións á bisbarra tamén está inmersos na creación dos seus parques empresariais.

Así pois, pola zona oeste da comarca, atopamos os Parques empresarias de A Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei e, pola zona oeste, o de Pontenova. A máis distancia, sen ser limítrofe e pola zona norte, os de Lourenzá, Barreiros e Foz. E igualmente, a máis distancia e pola zona sur, o de Outeiro de Rei, o Corgo e Lugo (P.E. Gándaras).

E todo isto sen esquecermos dos parques empresariais xa existentes, como por exemplo o do Ceao en Lugo.



Fonte: www.concellodemeira.com

2.3.- Benestar social

O concello de Meira é o núcleo máis importante da bisbarra, converténdose así en cabeceira indiscutíbel deste territorio. Deste xeito, a pesar de ter unha poboación bastante cativa, Meira non deixa de ter funcións plenamente urbanas, pois non só concentra a maior parte das actividades comerciais da bisbarra senón que conta tamén con servizos médicos, educativos, administrativos e sociais centralizadores. Como cabeceira dunha tradicional bisbarra agraria, Meira posúe unha singular configuración arredor dunha praza central arborada que tiña funcións de feira agraria e gandeira; elemento que tamén se pode observar en Mosteiro (Pol).

2.3.1.- Centros sanitarios e educativos

Nos catro concellos estudados existen Centros de saúde de atención primaria, mentres que se os meirenses necesitan acudir ás unidades de orientación familiar, saúde mental ou drogo-dependencia, por exemplo, necesitarán desprazarse ata a capital, Lugo, ou ben a Burela.

O mesmo ocorre respecto aos hospitais públicos, que radican en Lugo, Burela e Monforte de Lemos; xunto cos hospitais privados existentes nestas comarcas ademais do Centro Residencial de Castro de Rei.

Nome: CENTRO SAUDE MEIRA	Enderezo: CALLE REGO DE SAN VICENTE S/N
Nome: CENTRO SAUDE POL	Enderezo: CALLE XAN MONTES (DE) S/N
Nome: CENTRO SAUDE RIBEIRA DE PIQUIN	Enderezo: LUGAR CHAO DE POUADOIRO
Nome: CENTRO SAUDE RIORTORTO	Enderezo: ACCESO AL CENTRO MEDICO S/N

Fonte: www.sergas.es

En canto aos centros educativos, atopámonos cun total de 6 en toda a bisbarra (todos de titularidade pública), estando repartidos 3 en Meira e 1 en cada concello restante. Son todos colexios de educación infantil e primaria; estando só en Meira, como eixe central, o instituto de educación secundaria e tamén a Escola Municipal de Música.

CEIP de Meira	Rúa Federico González López, s/n	Meira - Meira (Santa María)
IES Pedregal de Irimia	Rúa Federico González López, s/n	Meira - Meira (Santa María)
ESMU Municipal de Meira	Rúa Agra, s/n	Meira - Meira (Santa María)
CEIP Rosalía de Castro	Avenida Río Azúmara s/n	Pol - Mosteiro (San Salvador)
CEIP Aníbal Otero	O Chao de Pousadoiro	Ribeira de Piquín - San Xurxo De Piquín (San Xurxo)
CEIP de Riotorto	As Rodrigas	Riotorto - Riotorto (San Pedro)

Fonte: www.edu.xunta.es/webcentros

Engadir, que tanto no concello de Meira como no de Pol existe un Punto de Atención á Infancia (P.A.I.), centros de carácter diúrno e de titularidade municipal que veremos no seguinte apartado e que están encadrados nos servizos sociais dos concellos e sitios nas dependencias de ambos colexios.

2.3.2.- Servizos socioculturais e deportivos

Como xa dixemos, o concello de Meira é o centro indiscutíbel da bisbarra, e neste senso, é nos servizos socioculturais e deportivos onde se observa dita vantaxe.

Por un lado, **música** no Concello grazas á Escola de Música de Meira que se fundou no ano 2002 para cubrir a demanda de actividade musical solicitada no concello. Na actualidade conta cun total de 6 docentes que imparten 12 especialidades. Destas, as que ostentan maior número de participantes son as de gaita, acordeón, clarinete e saxo. Esta Escola non so trata de ensinar elementos básicos da linguaxe musical, senón que tamén prepara aos alumnos para o acceso ao Conservatorio Profesional de Música.

Pero ademais da Escola, existen diversas agrupación musicais como son a Banda municipal de música, a Banda municipal de acordeóns, a Banda municipal de gaitas e Nove Ferreñas (pandereteiras).

Por outro lado, os **deportes** non poden faltar nun concello tan activo. Meira conta con Escolas Deportivas, co fin de acercar aos nenos e nenas na actividade física e ao deporte en xeral. Pre-benxamíns, benxamíns, alevíns, infantís....todos teñen cabida nesta escola. Ademais, cada quince días e caendo en domingo, celébranse os partidos de fútbol.

Neste mesmo eido deportivo, está o Club Ciclista de Meira, unha das asociacións deportivas máis veteranas e activas de Meira. Naceu en 1997 da man duns poucos afeccionados á bicicleta, e pouco a pouco, vaise afianzando na rutina da vila. Os coloridos maillots e as quedadas na fonte do centro convértense en algo cotián nos fines de semana en Meira.

Aínda que, se Meira é coñecida, é indiscutíbelmente por un motorizado deporte: os Rallys. Velocidade, estratexias, motores... todo isto e máis é o que move á grande afección de Meira en torno ao mundo dos rallyes e dos coches de competición. Unha afección que xa ven dende moitos anos (máis de 40), e que crece cada vez máis. Pilotos como Sergio Vallejo, Pedreira, Colmenares, Jordi Carballal, Pablo Carballosa, etc. son algúns dos representantes deste concello nos múltiples concursos nos que participan. A día de hoxe pertencen todos á mesma escudaría “Tíbor” e participan en diferentes categorías como son o campionato galego e nacional. Rallyes como o San Froilán, rally de Ourense ou o do Morrazo, son algúns dos máis concorridos pola afección meirega. Ademais, cabe destacar que a Escudaría Meira organizou nos anos 2007 e 2008, o I y II Sláalom "Vila de Meira", respectivamente cunha acollida espectacular por parte dos afeccionados ao mundo do motor.

Pero isto non acaba aquí, xa que se alguén quere máis deporte, pode aproveitar os xogos acuáticos nas Piscinas Municipais, xogar ao Baloncesto, unirse ao Meira Fútbol Club ou incluso ao Club de Tiro ao Prato “Os Lamagueiros”.

Tampouco nos podemos esquecer das **entidades e asociacións culturais** de Meira. Entre as máis recoñecidas está a Asociación Cultural Eme de Meira constituída en 2007 pola escasa incidencia cultural coa que contaba o concello. Como unha asociación sen ánimo de lucro, pretende garantir a toda a comunidade a igualdade de



Casa da cultura, Meira

oportunidades no acceso á cultura, estimulando así o consumo de cultura fóra do fogar, promover o ocio comunitario e a identidade colectiva, dinamizar o patrimonio cultural, potenciar a participación cidadá, buscar espazos de encontro e promover a lingua galega entre outros.

En 2005 creouse tamén a asociación “Amigos da Malla”, quen se encarga da organización da festa dende entón e que conseguiu ser declarada *Festa de Interese Turístico de Galicia*. Pero este grupo non traballa unha vez ao ano, senón que ao longo do curso realizan diversas actividades entres as que atopamos cursos de manualidades e restauración de móbeis, cursos de tapizaría, cursos de pintura, cursos de macramé, patchwork, costura...; cursos de cociña, conservas...; curso de baile de salón e ata curso de informática.

Non esquecemos do xa nomeado Punto de Atención á Infancia (P.A.I.), o cal entrou en funcionamento no 2006 co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes de Meira. O centro é atendido por unha Pedagoga e unha Técnico Superior de Educación Infantil, onde os nenos e nenas realizan actividades lúdicas e educativas. O PAI conta con zona de xogos, zona de sono, aseos, cociña e local de administración. Engadir, neste ámbito educativo, a Asociación de Nais e Pais de Meira (A.N.P.A. de Meira), para pais e nais con fillos matriculados no CEIP ou no IES, e na cal as actividades compóñense de: piscina, informática, inglés, baile rexional e de salón, pintura e excursión deportivas.

E ademais, tamén podemos engadir a Asociación de Amas de Casa “Río Miño”, a Asociación “Mulleres Rurais de Meira”. e a Asociación de Pensionistas e Xubilados de Meira.



Pero non todo acaba aquí, ademais de polos partidos de fútbol, o concello de Meira é coñecido tamén pola súa feira quincenal, que se celebra en domingos alternos e cunha antigüidade que se remonta aos tempos dos monxes. Nela pódense atopar artigos coma roupa, enxoval, alimentos, gando, artesanía en ferro, madeira e olaría... Destacan sobre todo a presenza das polbeiras que preparan o polbo estilo “á feira”.

E como non, tamén pódese gozar de rutas a cabalo, en *quads*, rutas de sendeirismo... durante todo o ano, e por suposto, os torneos de baloncesto, fútbol, xogos acuáticos... durante as festas patronais.

Respecto aos outros tres concellos, as súas actividades sociais, culturais e/ou deportivas son moi escasas, reducíndose basicamente a proxectos que aporta a deputación de Lugo. Pero isto non quita que tamén teñan instalacións adaptadas para realizalas. Así pois, e a modo de resume, presentamos a continuación os datos presentes no IGE:

	Meira	Pol	Ribeira de Piquín	Riotorto
Centros de cultura, datos ano 2000				
Casa de cultura	1			1
Centro cívico social	1	7		
Fogar do pensionista		1		
Museos				
Instalacións de espaxeamento				
Parque urbano	1	3		1
Parque non urbano		1		
Xardíns		1		
Outras instalacións	1	2	2	1
Instalacións deportivas				
Complexos polideportivos	2		1	1
Pistas polideportivas		1	1	
Piscinas	1			1
Clubs deportivos, datos ano 2004				
Clubs deportivos	9	7	4	5
Bibliotecas públicas	1	1		1

Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2010)

2.3.3. - Outros servizos

Non todo o que conforma o benestar social redúcese a temas deportivos ou culturais, senón que existen outra serie de servizos que son básicos nun concello.

Se ben é certo que a maioría son da titularidade da Deputación e da Comunidade Autónoma, é a través dos concellos como se transmite ao pobo para o seu beneficio.

De forma breve, podemos atopar os seguintes:

◆ Servizo de emprego: Axente de Emprego e Desenvolvemento Local



O servizo municipal de Emprego realiza fundamentalmente labores de asesoría, información e orientación en relación co eido laboral. Ademais impulsa actividades destinadas a mellorar a situación laboral dos cidadáns entre as que figuran a realización de cursos formativos ou a promoción de obradoiros de emprego e escolas obradoiro.

Este servizo municipal conta cunha Axente de emprego e desenvolvemento local que se ocupa de informar aos interesados.

◆ Servizos Sociais

Os Servizos Sociais enmárcanse dentro da política global do Benestar Social como un dos seus instrumentos máis eficaces para garantir a atención das necesidades sociais así como promover e posibilitar o benestar de tódolos cidadáns. Dende aquí xestiónanse e coordínanse os correspondentes programas dende os que se ofrece información, valoración, diagnóstico e orientación á poboación en canto aos dereitos, recursos e intervencións sociais que lle poida corresponder, proporciónanse servizos de axuda a domicilio, prestacións económicas e de emerxencia social; intervénse para lograr a incorporación social e realízanse actuacións preventivas das situacións de risco e necesidade social do conxunto da poboación.

◆ Xulgado de Paz

Calquera cuestión relativa ao Rexistro Civil, así como calquera dilixencia civil ou penal, é atendida no Xulgado de Paz do concello.

Con carácter orientativo podemos mencionar en materia civil as seguintes cuestións:

- Expedientes de matrimonio civil.
- Inscricións de nacemento de fillos, de matrimonio e de defuncións.
- Expedición de certificacións de nacementos, matrimonios, defuncións,...
- Solicitudes de traslado de nacemento ou de matrimonio. Fe de Vida e Estado.

En materia penal:

- Traslado de denuncias sobre calquera feito ao Xulgado de Mondoñedo.
- Conciliacións.

Outras cuestións:

- Comunicación de sentenzas, autos e outras notificacións.
- Requirimentos de pago.

◆ Punto Limpo

O Punto Limpo, situado nos Xuncas-A Pastoriza, presta servizo aos concellos de Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín, A Pontenova, Pol e A Pastoriza.

Os residuos deberán ser transportados polos propios interesados ao Punto Limpo e deberán estar debidamente clasificados.

O Punto Limpo non actúa como centro xestor de residuos industriais e polo tanto non poderán depositarse nel residuos procedentes de actividades agrícolas e industriais tales como plásticos da agricultura, contedores de escombros,...

Poderán depositarse os seguintes residuos: plástico, cartón, papel, téxtil, vidro, envases, ferralla, voluminosos, escombros de pequenas obras domiciliarias (-25kgs), aerosois (10uds), frigoríficos, madeiras, aceite vexetal (5litros), pinturas (1kg), electrodomésticos (2uds), tubos fluorescentes (3uds), medicamentos (1kg), aceite de motor (5 litros). ..

◆ Programas e axudas

E ademais:

- Axudas Asociacións de veciños para obras de interese veciñal.
- Axudas modernización comercios zonas rurais de Galicia.
- Axudas do programa de vivenda en aluguer.
- Axudas do plan LEADER Galicia.
- Subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais.
- Programa de Orientación, Asesoramento e Información.
- Programa de Axuda no Fogar.
- Programa de Inserción Social.
- Programa de Animación, Cooperación e Prevención Social.
- Programa de Convivencia Alternativa.
- Cruz Vermella Alimentos.
- TDT gratuíto para maiores de 80 anos.
- Programas de Voluntariado.
- Protección Civil.
- Telecentros.

3.- Análise demográfica


3.1.- Evolución da poboación

A bisbarra de Meira, igual que moitas do interior galego, tivo unha evolución moi marcada polo declive posterior á década de 1950, cun compoñente emigratorio importante.

A poboación meirega comezou a descender paulatinamente xa dende principios do século XX. A primeira vaga emigratoria cara ao continente americano deixouse notar de xeito importante. A presión sobre as terras, que ofrecían pouca rendibilidade debido á rigorosidade do clima, comezaba a facerse insostíbel e satisfacía dificultosamente as necesidades alimentarias básicas.

Deste xeito, un primeiro período comprendido entre 1900 e 1930 foi de clara perda, sobre todo nos anos anteriores e posteriores á Primeira Guerra Mundial, cun claro destino en Cuba e Arxentina. Xunto coa crise económica de 1929, a Guerra Civil impediu as saídas cara a América. Ambas circunstancias, e a negativa incidencia na mortalidade do episodio bélico civil, favorecen que entre 1930 e 1940 aparecese un período de moi débil crecemento da poboación. Esta etapa positiva viuse freada rapidamente por unha nova e longa fase que chega ata a actualidade. As perdas anuais ata 2004 supuxeron a perda do 48% dos efectivos, é dicir, que a poboación reduciuse á metade nestes últimos setenta anos.

Evolución Demográfica 1900 - 2004




Fonte: "Galicia en Comarcas: Terra Chá e Meira". Bieito Ledo Cabido.- INE (2005)

Entre 1950 e 1970 a perda de efectivos humanos foi moi marcada, co inicio da vaga emigratoria europea, moi intensa xa na década de 1960. O movemento culminante da caída desenvólvese entre 1970 e 1991 pois, aínda que se freou a emigración cara ás cidades españolas máis desenvolvidas das súas proximidades, as asturianas e Lugo, foron moi fortes. Ademais, dende mediados da década de 1970, o crecemento vexetativo tornouse negativo e contribuíu á perda de poboación.

Así pois, segundo os últimos datos que figuran no Instituto Galego de Estatística, nos últimos nove anos, aínda que continúan as migracións cara á capital

provincial, o descenso de poboación xa é menos marcado, e representa un saldo vexetativo moi negativo cun descenso do 14,1% (-1,5% de media cada ano), que é a causa fundamental do declive.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE, 2009)

Porén, a provincia de Lugo tamén mingua nun 2,9%, mentres que a poboación total de Galicia, creceu un 2,3% nestes últimos 9 anos. É dicir, son as bisbarras con máis dinamismo as que realmente crecen e fan que o saldo de poboación de Galicia se sosteña. Bisbarras como A Coruña, que xunto coa do Baixo Miño (Vigo), son as que máis creceron neste período.


EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN BISBARRA MEIRA			
CONCEPTO	2000	2009	% Var 09/00
Galicia	2.731.900	2.796.089	2,3%
Provincia Lugo	365.619	355.195	-2,9%
Bisbarra de Meira	6.835	5.874	-14,1%
% Bisbarra Meira/Provincia	1,87%	1,65%	
% Bisbarra Meira/Galicia	0,25%	0,21%	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de La Caixa¹ e o IGE

En canto aos concellos que conforman a Bisbarra de Meira, a evolución demográfica de Ribeira de Piquín, Riotorto e Pol, foi similar á do conxunto comarcal, mentres que Meira, ao igual que a vila cabeceira, debido á súa centralidade funcional, lograron un crecemento moderado de poboación ata 1950, para logo estancarse con certos altibaixos ata a actualidade, que se mantén bastante estábel e constante cun número de habitantes entorno aos 1800.

Concello de Meira												
Ano	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Hab.	1828	1849	1852	1834	1816	1806	1789	1780	1774	1794	1795	1800

¹ Nota: A Bisbarra de Meira inclúe só os datos do concello de Meira, Pol e Riotorto, xa que no Anuario La Caixa non está presente o concello de Ribeira de Piquín.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

3.1.1.- Sistema de asentamentos



En canto á densidade de poboación media resultante, é unha cifra baixa, de tan só 18,85 hab./ km², moi inferior á media galega e tamén á provincial luguesa.

E dentro de cada concello, as diferenzas son abismais segundo as características xeográficas e socioeconómicas de cada un. Así pois, destaca cunha maior densidade a cabeceira de bisbarra, Meira, fronte o concello oposto, Ribeira de Piquín, de relevo accidentado por ser o lugar xeográfico da serra de Meira.



DATOS BÁSICOS DOS CONCELLOS DA BISBARRA DE MEIRA				
	Superficie km ²	Poboación (2009)	Densidade (hab./ km ²)	Nº parroquias
Meira	46,5	1800	38,71%	2
Pol	125,9	1865	14,81%	19
Ribeira de Piquín	73	687	9,41%	5
Riotorto	66,3	1522	22,96%	8
Total Bisbarra	311,7	5874	18,85%	34

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE, 2009)

E é que, nunha bisbarra tan pequena e tan marcadamente rural como é a bisbarra meirega, o sistema de asentamentos mostra unha clara dualidade. Por unha banda, unha multitude de aldeas e casares que ocupan a meirande parte do territorio e, por outra, mostra certos trazos diferenciais a única vila existente, Meira.

A variedade paisaxística do rural meirego mostra, porén, un grupo moi heteroxéneo de asentamentos, aínda cun claro predominio do poboamento disperso, con aldeas polinucleares, moi pequenas, que tradicionalmente tentaron optimizar os recursos que lles ofrecía o terreo.

Cun total de 252 entidades de poboación, das cales só Meira pode ser considerada como urbana, e agrupadas en 34 parroquias, a bisbarra presenta un espazo rural que, segundo as distintas áreas, posúe características ben diferentes.

	Parroquias	Entidades singulares	Núcleos de poboación	Diseminados
Comarca de Meira	34	252	36	219
Meira	2	39	1	39
Pol	19	111	10	101
Ribeira de Piquín	5	38	12	26
Riotorto	8	64	13	53

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE, 2009)

Nas áreas montañosas e de relevo máis accidentado, como nos concellos de Riotorto, Ribeira de Piquín e a franxa oriental de Meira e Pol, predomina un tipo de asentamentos máis concentrado, con pequenas aldeas medianamente compactas. É evidente que estas non chegan a ter o tamaño doutras que se poden atopar na área montañoso oriental luguesa ou ourensá, pois o número de vivendas que posúen non adoita ser superior a 20. Do mesmo xeito, a poboación asentada nelas non supera, normalmente, os 50 habitantes. Algunhas destas entidades, como por exemplo as que se atopan no norte do concello de Riotorto, poden chegar a acadar os 70 ou 80 habitantes, pero é un feito pouco recorrente.

Unha típica característica da vivenda existente neste tipo de entidades é a súa cuberta en lousa, tan corrente na zona oriental e setentrional galega.

O poboamento das zonas de relevo sinuoso contrasta co que se pode atopar nas áreas da chaira. Sen ser máis denso en canto a número de construcións ou de habitantes, é dicir, que non aparecen aldeas tan compactas como no anterior grupo. As vías de comunicación inflúen máis decisivamente na súa formación, xa que ao tratarse dun espazo máis ben chan, buscan a mellor comunicación entre si.

Neste grupo de asentamentos rurais sobresaen tres pequenos núcleos cabeceira municipal, que concentran unha poboación lixeiramente superior ao resto das aldeas e contan con servizos e equipamentos que os diferencian dos outros. Trátase de Riotorto, O Chao do Pousadoiro (capital do concello de Ribeira de Piquín) e Mosteiro (capital de Pol).

3.2.- Pirámide de poboación por idade e xénero

En trazos xerais, cos datos sobre a estrutura por idades que nos aporta o IGE, podemos ver como a poboación da bisbarra de Meira é unha poboación cun índice de avellentamento alto, xa que tan só o 7% da poboación ten menos de 16, mentres que os maiores de 65 anos quintuplica esa porcentaxe cun 35,5%. Esta acusada proporción aínda se manifesta máis nos concellos de Pol e Ribeira de Piquín, máis avellentados que os de Meira e Riotorto. Incluso, se comparamos respecto á media da provincia de Lugo,

cun 27,7% case triplicando á poboación nova; ou respecto ao total de Galicia, onde só o 22% da poboación superan os 65 anos, fronte ao 12% de xente con menos de 16 anos.

En canto á xente en idade de traballar, en coherencia cos anteriores datos, na bisbarra de Meira superan lixeiramente o 57%, fronte ao 62,2% de Lugo e o 66% de media en Galicia.

É dicir, podemos concluír a partires destes datos, que Meira posúe unha poboación moi avellentada onde a xente nova escasea cada vez máis.

PIRÁMIDE POBOACIONAL ANO 2009									
CONCEPTO	% s/total Bisbarra Meira	% s/total Lugo	% s/total Galicia	% N° Bisbarra Meira		% N° Provincia		% N° Galicia	
				♂	♀	♂	♀	♂	♀
Total Poboación	100,0%	100%	100%	49,91%	50,09%	48,69%	51,31%	48,27%	51,73%
< 16 anos	7,1%	10,0%	12,2%	13,05%	7,0%	10,58%	9,5%	7,16%	11,4%
De 16 a 64 anos	57,4%	62,2%	65,9%	68,13%	52,7%	64,99%	59,6%	62,14%	63,8%
De 65 en adiante	35,5%	27,7%	21,9%	18,83%	40,3%	24,44%	30,9%	30,70%	24,7%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de La Caixa² e o IGE

Se facemos a mesma análise por xéneros, a proporción entre mulleres e homes é a mesma (50%), practicamente igual que o resto de cifras en canto á provincia e á Comunidade Autónoma.


Mentres que, con respecto aos homes as conclusións varían, posto que son moito máis numerosos os rapaces con menos de 16 anos e tamén os que están en idade de traballar (superando en ambos casos á media galega), a conclusión con respecto ás mulleres, non varía da anterior xeral: poboación nova escasa e número de mulleres en idade de traballar inferior á media provincial e autonómica.

O que si é destacábel destes datos son os porcentaxes de poboación de 65 en adiante, respecto a mulleres avellentadas, posto que na bisbarra de Meira da poboación feminina total meirega o 40% supera os 65 anos (fronte ao 19% dos homes), mentres que na provincia esta cifra redúcese a un 31% e en Galicia a case un 25% (fronte ao 30% dos homes).

É dicir, que ao igual que nas cifras xerais, na bisbarra de Meira a poboación feminina avellentada quintuplica tamén á cifra de novos, cousa que non ocorre coa poboación masculina; mentres que estas cifras dan a volta na media autonómica, sendo a poboación masculina avellentada a que cuadruplica á cifra de novos homes, e non a feminina que só duplica a cifra de mulleres novas.


Se reducimos os datos da bisbarra de Meira en tramos de idade obteríamos o seguinte gráfico:

² Nota: A Bisbarra de Meira inclúe só os datos do concello de Meira, Pol e Riotorto, xa que no Anuario La Caixa non está presente o concello de Ribeira de Piquín.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE, 2009)

Evolutivamente, o saldo vexetativo presenta valores moi negativos como consecuencia dunha baixísima natalidade e unha mortalidade sobreelevada polo alto grao de avellentamento. Así, as taxas de natalidade foron descendendo de forma alarmante dende principios dos anos 80, en contraposición coa mortalidade, que se incrementou e se mantivo máis ou menos alta dende os anos 90.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE, 2009)

3.3.- Distribución da poboación nacional e estranxeira

O saldo migratorio segue a ser negativo para a bisbarra, cun claro predominio da emigración sobre a inmigración. Prodúcese movementos de retorno de emigrantes, pero é maior o número de persoas que sae fóra deste espazo. A maior beneficiada desta perda é a cidade de Lugo, así como outras vilas próximas como Vilalba ou Ribadeo, que aproveitan as súas dotacións para atraer poboación nova da bisbarra meirga.

Graficamente, sen ter en conta o tipo de emigración ou inmigración (externa ou interna):



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE, 2009)

Numericamente, podemos engadir que do total da poboación un 2,62% da poboación da bisbarra é estranxeira, mentres que o resto é nacional. Dentro desta poboación estranxeira cabe destacar que unha media do 76% son homes, fronte unha media do 24% de mulleres. Resaltar tamén que, maioritariamente esta poboación estranxeira concéntrase no municipio de Meira e de Pol.

TOTAL POBOACIONAL SEGUNDO NACIONALIDADE E XÉNERO (2009)					
	Total			Homes	Mulleres
	Total	Estranxeira	%/total	% homes estranxeiros	% mulleres estranxeiras
Meira	1800	78	4,33%	66,67%	33,33%
Pol	1865	54	2,90%	74,07%	25,93%
Ribeira de Piquín	687	7	1,02%	71,43%	28,57%
Riotorto	1522	15	0,99%	93,33%	6,67%
Comarca de Meira	5874	154	2,62%	72,08%	27,92%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE, 2009)

Segundo a nacionalidade da que proveñen, non temos datos comarcais, pero si os datos aportados polo concello de Meira no ano 2008, onde a poboación estranxeira componse na súa maioría de persoas procedentes de Romanía e Marrocos, aínda que tamén de Bélxica, Bulgaria, Portugal, Lituania, Cuba, Perú e Uruguai.

País de orixe	Bélxica	Brasil	Cuba	España	Lituania	Marrocos	Portugal	Romanía	Uruguai	Total
Hab.	3	6	4	1737	1	18	4	53	2	1828

Fonte: www.concellomeira.es (Datos 2008)

4. - Análise do mercado laboral

4.1. - Distribución de desocupados por sectores

Como se verá no seguinte apartado, as actividades económicas caracterízanse, por un lado, polo importante peso da agricultura e a gandaría. Isto maniféstase de xeito moi claro na taxa de paro rexistrado, de só o 4,1%. Que exista unha taxa de paro tan baixa non quere dicir que se estea ante unha bisbarra de grande dinamismo económico, senón que a actividade laboral céntrase fundamentalmente no sector primario, onde o desemprego é cativo.

DESEMPREGADOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE NA BISBARRA DE MEIRA						
	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
2006/Febreiro	10	26	21	141	29	227
2007/Febreiro	14	24	22	106	25	191
2008/Febreiro	12	20	14	108	29	183
2009/Febreiro	10	26	32	122	14	204
2010/Febreiro	10	31	34	144	24	243
% 2010 / Total C. Meira	4,1%	12,8%	14,0%	59,3%	9,9%	100,0%
% 2010/ Total Galicia	2,85%	16,40%	15,30%	55,92%	9,52%	100,00%
% Var. 10/06 C. Meira	0,0%	19,2%	61,9%	2,1%	-17,2%	7,0%
% Var. 10/06 Galicia	26,08%	25,53%	74,46%	27,50%	-27,17%	23,40%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Porén, o outro sector principal da actividade económica de Meira como é sector servizos, ten a taxa de paro máis alta da bisbarra, resultado que responde ao carácter tamén terciario da bisbarra.

Nótese os efectos da crise a partir do ano 2008, onde as cifras de desempregados incrementáanse notoriamente en todos os sectores excepto na agricultura.

Comparativamente con Galicia, os sectores máis afectados foron os da agricultura e servizos, mentres que a industria e construción caeron por debaixo da media.

A evolución do incremento do paro foi moi significativa no sector da construción (62%), o máis afectado pola crise, ao igual que no contexto autonómico, e tamén o da industria (19%).

O resto de sectores, tiveron un incremento na cifra de paro entorno ao 25%, mentres que na Bisbarra de Meira, o efecto desta crise foi practicamente insignificante nos servizos e agricultura.

4.1.2.- Número de afiliados á Seguridade Social

Polo que respecta á estrutura socio-profesional da poboación, destaca a alta participación do emprego no sector primario, na agricultura e na gandaría. Trátase dunha das bisbarra onde maior peso teñen os labores relacionados co campo, con máis da terceira parte dos activos neste sector.

AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL NA BISBARRA DE MEIRA A 31/12/2009	
	Afiliacións
Agricultura	659
Industria	242
Construción	164
Servizos	646

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellaría de Traballo

Tamén o terciario representa máis dun terzo da poboación activa, especialmente dende os últimos anos, nos que se produciu un forte incremento como consecuencia da diminución porcentual das actividades agropecuarias. Industria e construción posúen unha menor representatividade.

Engadir, que a taxa de actividade na bisbarra non é moi elevada a causa do alto grao de avellentamento, de maneira que a porcentaxe de persoas en activo dadas en alta sitúase arredor do 50% da poboación total en idade de traballar.

4.2.- Evolución de desempregados por xénero e idade

Por grandes grupos de idade, comprobamos como o desemprego incrementouse no tramo de maiores de 25 anos nun 16,67%, mentres que o grupo de menores de 25 anos descendeu moi notabelmente nun 45%. No entanto, na Comunidade Autónoma os feitos foron todos negativos, sendo as cifras de desemprego en maiores de 25 de case o 35% e a de menores de case un 9%.

Por xéneros, o desemprego resulta máis acusado no sector masculino, chegando a acadar un incremento no desemprego do 26,53%, mentres que o sector feminino reduciu a súa cifra de paro en case un 8%. Os datos son lóxicos, posto que como se viu no apartado anterior foi nos sectores tipicamente masculinos onde o paro incrementouse (construción e industria). Comparativamente con Galicia, na comunidade tamén o sector masculino foi o máis afectado chegando á alarmante cifra dun 61%, mentres que, no sector feminino só alcanzou un 12,8%.

En canto á relación paro total, idade e xénero, as cifras compénsanse.

Podemos concluír en xeral, que a bisbarra de Meira tamén se viu afectada pola crise, pero polo que podemos intuír segundo estes datos, o efecto negativo da mesma foi moi inferior á media autonómica. Incluso, nalgúns casos, a cifra reduciuse (en novos e mulleres). Habería que analizar se esta redución se debeu a medidas políticas contra a crise, ou máis ben, á casualidade no incremento dos negocios dos autónomos.

DESEMPREGADOS POR XÉNERO E IDADE NA BISBARRA DE MEIRA					
	Total	< 25 anos	> 25 anos	T Homes	T Mulleres
2006/Febrero	227	35	192	98	129
2007/Febrero	191	20	171	78	113
2008/Febrero	183	19	164	81	102
2009/Febrero	204	24	180	99	105
2010/Febrero	243	19	224	124	119
% Var. 10/06 C. Meira	7,05%	-45,71%	16,67%	26,53%	-7,75%
% Var. 09/05 Galicia	31,28%	8,75%	34,40%	61,36%	12,87%
% 2010 / Total C. Meira	100,00%	7,82%	92,25%	51,03%	49,05%
% 2010/ Total Galicia	100,00%	10,08%	89,92%	46,67%	53,33%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

4.3. - Taxa de paro rexistrado

A evolución destas taxas durante os últimos quince anos mantivo unha liña máis ou menos estábel. A pesar da redución dos empregos no sector primario e o seu transvase cara ao terciario, tamén cabe sinalar que a xubilación de moitos empresarios agrarios non tivo repercusións claras no descenso destes *ratios*. A emigración cara Lugo actuou negativamente na estrutura laboral da poboación nova, pero non foi quen de facer ascender as taxas de desemprego.

No seguinte cadro comparativo podemos confirmar o que dixemos. A subida no número de desempregados na bisbarra de Meira do 2,7% resulta moi inferior á media lucense do 4,1% e máis lonxe aínda da galega do 5,5%. Esta menor taxa de paro pode deberse principalmente a que as actividades económicas son diversas e de menor contía/forza comparativamente falando que, por exemplo, nunha bisbarra capital de provincia, ou ben, aínda que máis remoto, por unha política de emprego máis eficiente.


PARO REXISTRADO EN %S/T POBOACIÓN 2008	
	Porcentaxe
Galicia	5,5%
Lugo	4,1%
Bisbarra Meira	2,7%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de La Caixa³

Evolutivamente por concellos, podemos observar graficamente como todas sufriron un incremento na taxa de paro a consecuencia da crise a partir de 2008, excepto a Ribeira de Piquín que ao contrario que os outros 3 concellos diminuíu a súa taxa.


A tendencia xeral e agregada podémola ver na liña superior do gráfico correspondente ao total da bisbarra.

³ Nota: A Bisbarra de Meira inclúe só os datos do concello de Meira, Pol e Riotorto, xa que no Anuario La Caixa non está presente o concello de Ribeira de Piquín



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

4.4.- Composición laboral: asalariados



En canto ao emprego, as empresas da bisbarra de Meira caracterízanse por ser empresas moi pequenas, estando formadas aproximadamente nun 80% por tan só un ou dous traballadores. E é que as empresas con máis de 20 traballadores son practicamente nulas.


Destacar o feito de que Meira lévase un terzo do total (asalariados e sen asalariar), seguida por Riotorto e Pol.

Fonte: Instituto Galego de Estatística, 2008

COMPOSICIÓN DE ASALARIADOS								
Ano 2008	Meira		Pol		Ribeira de Piquín		Riotorto	
	Nº total	%	Nº total	%	Nº total	%	Nº total	%
Todos	180	22,17%	66	8,13%	30	3,69%	130	16,01%
sen asalariados	108	13,30%	46	5,67%	19	2,34%	95	11,70%
de 1 a 2 asalariados	42	5,17%	14	1,72%	6	0,74%	18	2,22%
de 3 a 5 asalariados	19	2,34%	3	0,37%	4	0,49%	7	0,86%
de 6 a 9 asalariados	7	0,86%	1	0,12%	1	0,12%	6	0,74%
de 10 a 19 asalariados	3	0,37%	2	0,25%	0	0,00%	4	0,49%
de 20 a 49 asalariados	1	0,12%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
de 50 a 99 asalariados	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
de 100 a 249 asalariados	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
de 250 ou máis asalariados	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%

5.- Análise sectorial: sector primario

A economía da bisbarra de Meira, tradicionalmente agraria, susténtase hoxe sobre dous piares: o sector terciario e as actividades agropecuarias.



Fonte: “Galicia en Comarcas: Terra Chá e Meira”. Bieito Ledo Cabido.- IGE (2005)

5.1.- Agricultura



Actividade agrícola, Rivotorto

Ata finais da década de 1960 predominou unha agricultura intensiva de policultivo orientada á subsistencia do campesiñado. A intensa emigración favoreceu un cambio na estratexia produtiva coa concentración de explotacións, abandono das terras marxinais e busca de pautas de especialización en produtos máis adecuados á orografía e ao clima local. Así, a orientación produtiva pasou a ser gandeira, coa explotación intensiva do vacún para leite e do porcino.

Os traballos de concentración parcelaria que proliferaron por toda a meseta luguesa contribuíron á rendibilidade das unidades produtivas, sendo a súa incidencia moi forte, especialmente en Pol. Hoxe, as terras dedicadas a pastos e praderías son case un terzo do total e moitas terras de labor dedícanse a cultivos forraxeiros, fundamentalmente millo. A agricultura tradicional mantense para o autoconsumo familiar (patacas, hortalizas ou centeo), pero ocupa cada vez menor extensión e realízase como actividade complementaria á gandería.

Os datos que o IGE aporta sobre o Censo agrario son os elaborados cada 10 anos, de forma que os últimos dispoñíbeis son os de 1999, mentres que os de 2009 están en plena fase de elaboración. Deste xeito, podemos ver neste estudo de fai 10 anos o anteriormente dito, é dicir, que predominan principalmente terras para pastos permanentes (35,73%) orientados cara a gandería; así como zonas terras dedicadas a especies arbóreas e forestais (30,92%) orientadas cara a industria madeireira

principalmente. As terras labradas con fins de autoconsumo principalmente ocupan un 7,94% do total, mentres que un cuarto das terras están sen explotar.

INDICADORES DE ECONOMÍA AGRARIA										
	Total		Terras labradas		Terras para pastos permanentes		Especies arbóreas e forestais		Outras terras non forestais	
	1989	1999								
Bisbarra de Meira	25903	22421	1781	7,94%	8010	35,73%	6932	30,92%	5697	25,41%
Meira	3991	3937	319	8,10%	1107	28,12%	1307	33,20%	1204	30,58%
Pol	12524	9277	721	7,77%	4491	48,41%	2930	31,58%	1134	12,22%
Ribeira de Piquín	4445	4673	108	2,31%	1267	27,11%	1421	30,41%	1877	40,17%
Riotorto	4943	4534	633	13,96%	1145	25,25%	1274	28,10%	1482	32,69%
Lugo	780.740	710.765	258.878		437.812		605.160		739.948	
Galicia	2.217.131	2.041.799	108.228		185.972		199.187		217.378	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE (Censo agrario do INE)


Por concellos, podemos comprobar como loxicamente, por exemplo en Pol, cun perfil topográfico moito máis similar ao da Terra Chá, destacan as súas terras para pastos e especies arbóreas e forestais, mentres que, por exemplo en Ribeira de Piquín, zona onde está sita a Serra de Meira, destacan as terras non forestais seguidas das forestais.

Se analizamos esas terras en función da tipoloxía de cultivo, vemos como os cultivos herbáceos encabezan a orde de preferencia seguido dos árbores froiteiras.


TIPOLOXÍA DO CULTIVO						
	Cultivos herbáceos*	Froiteiros	Oliveiral	Viñedo	Outras terras labradas	
Bisbarra de Meira	1766	15	0	0	0	
Meira	318	1	0	0	0	
Pol	712	9	0	0	0	
Ribeira de Piquín	107	1	0	0	0	
Riotorto	629	4	0	0	0	
Lugo	102.793	3.561	15	1.815	43	
Galicia	228.493	12.373	23	17.831	160	

* En cultivos herbáceos inclúese barbeitos e hortas familiares


Fonte: Instituto Galego de Estatística, (Censo agrario do INE)



Superficie cultivada



Cultivos forraxeiros



Cultivo do millo

Fonte: Anuario de Estatística Agraria, 1992


5.2.- Gandería

Os traballos de concentración parcelaria que proliferaron por toda a meseta luguesa contribuíron á rendibilidade das unidades produtivas, sendo a súa incidencia moi forte, especialmente en Pol. Hoxe, as terras dedicadas a pastos e pradarias son case un terzo do total e moitas terras de labor dedícanse a cultivos forraxeiros, fundamentalmente millo. Domina a produción gandeira de vacún con destino leiteiro (sendo un 50% das explotacións deste carácter), xa que unha parte importante das explotacións posúe un tamaño axeitado para que a actividade sexa rendíbel.

Ao mesmo tempo que se intensificou a gandería, a mecanización dos labores necesarios para levala a cabo foi estendéndose, sendo case total en todas as explotacións de vacún (segadoras, autocargadores, tanques de refrixerado de leite, etc.). A gran maioría do gando bovino pertence á raza frisoa holandesa, aínda que a raza rubia galega para carne acada pouco a pouco unha maior significación, paralelamente á súa boa aceptación no mercado como produto galego de calidade.

A gandería bovina de aptitude cárnica ocuparía un segundo lugar nas explotacións, sendo tamén de bastante importancia. Ao contrario do que se podería pensar, non é máis intensiva nos concellos de área montañosa como Ribeira de Piquín ou Riotorto.

De feito, a repartición da actividade agropecuaria está moi equilibrada entre os concellos, con cifras exactas dun 50% en número de bovino (vacas leiteiras) nos catro concellos, e con cifras aproximadas a un 30% en número de vacas (vacas cárnicas) e un 20% noutros bovinos (machos e xovencas). Porén, en número de explotacións é Pol quen se leva a palma cun 43%, seguido xa de lonxe por Riotorto cun 26%, Meira 17% e Ribeira un 15%.



Fonte: Elaboración propia a través dos datos facilitados polo IGE

En canto á evolución destas explotacións, así como comparativamente con Galicia, os datos xerais tanto para a bisbarra como para comunidade, son que o número de explotacións en xeral víronse reducidas drasticamente nestes últimos 8 anos nun 22-23%, sendo a principal causa o derrube do número de vacas de produción cárnica, mentres que o número de bovinos leiteiros mantense.

No entanto, en ambos os dous casos, o que tamén destaca é o abismal incremento na categoría de “outros bovinos”, chegando a multiplicarse as cifras en máis dun 100%.

Cómpre destacar tamén que, como xa dixemos indirectamente, as explotacións creceron en número, tendo ata un 30% máis de cabezas gandeiras por explotación.

EVOLUCIÓN DEL NÚMERO DE EXPLOTACIONES EN LA BISBARRA				
	Concepto	2001-02	2008	% Variación 08/01
Bisbarra de Meira	Número de explotacións	720	548	-23,9%
	Número de bovinos*	18263	18118	-0,8%
	Número de vacas*	15015	10880	-27,5%
	Outros bovinos*	3248	7238	122,8%
	Nº Bovinos / Nº explota	25,37	33,06	30,3%
Galicia	Número de explotacións*	63414	49355	-22,2%
	Número de bovinos*	939848	949436	1,0%
	Número de vacas*	754514	561447	-25,6%
	Outros bovinos	185334	387989	109,3%
	Nº Bovinos / Nº explota	14,82	19,24	29,8%

Fonte: Elaboración propia a través dos datos facilitados polo IGE

***Nota:** Número de bovinos= vacas leiteiras ou de muxidura
Número de vacas= vacas cárnicas ou de non muxidura
Outros bovinos = machos e xovencas

6.- Análise sectorial II: actividades industriais e de construción


Se facemos un pequeno análise inicial a nivel agregado, podemos ver como con respecto á variación de actividades industriais no período 2003-2008, a baixada da mesma na bisbarra de Meira foi bastante brusca en relación co resto do territorio, xa que este tipo de actividades víronse reducidas en máis do dobre do que se reduciu na provincia, mentres que, en Galicia mantívose.

Habería por tanto que analizar se esta baixada foi constante durante os 5 anos, ou se máis ben foi no último período, ano no que a crise comezaba a amosar a cabeza.

% VAR Nº ACTV 08/03 CONSTRUCCIÓN E INDUSTRIA	
	Porcentaxe
Bisbarra Meira	-11,3%
Lugo	-4,8%
Galicia	1,0%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de La Caixa⁴

Por outro lado, facendo paralelismo cos datos obtidos, vemos que en canto ao número de actividades tanto industriais como de construción, están máis ou menos nivelados nos concellos.



6.1.- A industria

Ao contrario que no sector primario (agricultura e gandería), a industria é moi escasa, estando formada segundo o IGE por un total de 53 industrias en 2008. Empresas pequenas dedicadas á transformación dos recursos endóxeos. Isto débese a que diariamente aprécianse movementos cara ás industrias situadas na capital provincial e outras das bisbarras da Mariña.


⁴ Nota: A Bisbarra de Meira inclúe só os datos do concello de Meira, Pol e Riotorto, xa que no Anuario La Caixa non está presente o concello de Ribeira de Piquín

ÍNDICE INDUSTRIAL	
Meira	7
Pol	2
Riotorto	2
Total Provincia Lugo	936
Total C.A. Galicia	5.906

Fonte: Anuario La Caixa

De feito, o índice industrial é moi baixo nos concellos, destacando o concello de Meira cun índice de 7, xa que é neste onde radica o Parque Industrial ademais de ser o concello onde pivotan os outros 3 concellos.

Empresas de reducido tamaño, onde o número de asalariados está entre ningún e 2 en case o 80% das industrias, seguido nun 15% con entre 3 e 5. No entanto, é na industria onde están as empresas máis grandes en canto ao número de traballadores, pois ata un 10% consta de empresas entre 6 e 19 asalariados.



Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2007)

No seguinte cadro pódese comprobar o peso relativo da industria da bisbarra meirense en función do número de actividades e comparala coa media provincial de Lugo e de Galicia, destacando a importancia do peso da industria manufacturera na bisbarra cun 41% sobre o total de actividades, mentres que, tanto na provincia como na comunidade esta cifra está ao redor do 25% sobre o total de actividades industriais de cada unha.

Nº ACTIVIDADES INDUSTRIAIS 2008						
	GALICIA	%S/ TOTAL	Lugo	%S /TOTAL	BISBARRA Meira	%S /TOTAL
Total	19.144	100,00%	2.488	100,0%	22	100,0%
Energía e Auga	625	3,26%	133	5,3%	1	4,9%
Extracción e transf. min. enerx. e deriv; ind.quím.	2.387	12,47%	345	13,9%	2	11,1%
Industrias transf. de metais; mec. precisión	4.845	25,31%	615	24,7%	9	41,4%
Industrias manufactureras	11.287	58,96%	1.395	56,1%	9	42,6%


Fonte: Elaboración propia a partir datos La Caixa⁵

⁵ Nota: A Bisbarra de Meira inclúe só os datos do concello de Meira, Pol e Riotorto, xa que no Anuario La Caixa non está presente o concello de Ribeira de Piquín

Entre as empresas máis significativas pode destacarse a presenza dalgúns serradoiros, de industrias de móbéis (carpintarías), de industrias de lousa (e canteiras para a extracción de áridos), industrias cárnicas, de materiais para a construción, dalgunhas dedicadas á fabricación de pensos compostos para o vacún, de fábricas de transformación láctea e varios muíños. Mencionar, que Ribeira de Piquín posúe un subsolo rico en xacementos de ferro, téndose detectado tamén existencias de uranio.



Canteira de lousa verde, Pol.



Sínteses litolóxica

Fonte: Atlas de Galicia

Non nos podemos esquecer neste apartado, de recordar o xa visto anteriormente Parque Industrial de Meira, onde destacan empresas lácteas, serradoiros, unha industria do mármore, carpintarías e unha industria do aluminio entre outras.


Así pois, destacar:

- **Leite Celta:** unha das grandes compañías do sector lácteo que conseguiu consolidar a súa posición no mercado colocando a súa marca entre as máis coñecidas e preferidas polos consumidores e distribuidores. Na actualidade conta con tres centros de produción: Pontedeume (A Coruña), Meruelo (Cantabria) e no Parque Empresarial de Meira (Lugo).
- **Aluminios García Pumares:** especialistas en fabricación metálica é unha empresa de elevada notoriedade na comarca.
- **Mármore Viega Rico:** sita no Parque Empresarial ten como principal actividade a corta e pulido de mármore para edificios residenciais .
- **Prefabricados Eiros:** gran empresa especializada na fabricación e distribución de elementos prefabricados de formigón para edificación, obra pública e urbanismo. Comezou a súa actividade na década dos 60 e nestas catro décadas foron moitos os sistemas e procedementos utilizados, chegando a ser pioneira na fabricación de bloques de formigón en Galicia. Sendo o seu obxectivo principal a calidade do produto, Prefabricados Eiros dispón hoxe en día con máis de 120.000 m² de superficie, sete plantas produtoras e unha división de transporte propia para a distribución dos seus produtos.
- **Chacinaría O Mazo:** radica dende fai 25 anos en San Lorenzo (Riotorto), sendo unha peza importante no sector cárnico.

6.2.- A construción

O sector da construción non é imperante nesta bisbarra, de feito é un dos sectores que menos aporta á economía como podemos apreciar no primeiro gráfico do apartado 5.

As empresas que abarcan este sector constituían numericamente un total de 69 segundo os datos do IGE para o ano 2008. Empresas que son aínda máis pequenas en canto a tamaño que as empresas industriais. De feito, máis dun 85% están compostas por ningún ou 2 asalariados, sendo menos dun 15% as que teñen máis de 3 e moito máis reducidas as que chegan a ter entre 10 e 19.



Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2007)

Se comparamos porcentualmente con Galicia, o crecemento deste sector foi case nulo respecto á poboación. É dicir, a taxa en Galicia foi de 1,75 habitantes por vivenda construída, mentres que na bisbarra de Meira esa taxa é de 0 habitantes por vivenda construída. De aí que este sector non sexa forte na economía, xa que o que se está a construír non son vivendas necesarias para a poboación censada que quere unha casa, senón que, son segundas vivendas ou vivendas de verán, ben sexa para aluguer ou ben para o gozo estival de poboación con raíces Meirenses pero afincados e censados noutras vilas.

ANÁLISE DA VIVIENDA NA COMARCA DE MEIRA						
		Nº, 2000	Incremento en nº, 2000	Nº, 2008	% variación 00/08	Poboación/vivenda 2008
Comarca de Meira	Vivendas	1.499.887	190	1.500.077	0,01%	0,00
	Edificios	860.765	90	860.855	0,01%	
Galicia	Vivendas	1.308.363	281.024	1.589.387	17,68%	1,75
	Edificios	736.734	73.974	810.708	9,12%	

Fonte: Elaboración propia a través dos datos facilitados polo IGE

No entanto, se só se analizan os datos en función do número de edificios e vivendas construídos, os datos seguen a ser baixos. De feito, os edificios de nova planta construídos só representan un 0,13% de crecemento respecto ao crecemento total de Galicia e o número de vivendas novas un 0,07%.

Por outra banda, representan un 0,09% tanto os edificios en rehabilitación como os que están en demolición; e un 0,06% as vivendas en rehabilitación, fronte un 0,08% as que están en demolición.

Así pois, en conxunto, o saldo neto estamos a falar por tanto dun incremento dun 0,07% de vivendas novas no conxunto de Galicia, e un 0,12% respecto aos edificios.

ACTIVIDADE DA CONSTRUCCIÓN PARA O PERÍODO 2000-2008			
	Comarca de Meira	Galicia	% Incremento Comarca/Galicia
	Incremento 00-08	Incr. 00-08	
Edificios nova planta	82	65.132	0,13%
Superficie nova planta (m2)	57.330	57.768.150	0,10%
Vivendas nova planta	192	281.221	0,07%
Edificios en rehabilitación	13	14.296	0,09%
Vivendas en rehabilitación	6	10.060	0,06%
Edificios en demolición	5	5.454	0,09%
Vivendas en demolición	8	10.257	0,08%
Variación neta parque vivendas	190	281.024	0,07%
Variación neta de edificios	90	73.974	0,12%


Fonte: Elaboración propia a través dos datos facilitados polo IGE

Por empresas, destaca Construcións Villamide con sede en Lugo pero que construíu na última década a maior parte das vivendas de Meira. A este, o apoio de Edimeira, que nace co obxectivo de prestar todos os servizos necesarios na xestión integral de reformas, obras novas de vivendas, edificios e espazos comerciais.

6.3.- A enerxía

O subsector enerxético non é esencial dentro do sector industrial da bisbarra, pero dado a importancia que este ten en Galicia, podemos dedicarlle un pequeno apartado.

Centrándonos no subministro de enerxía eléctrica, só destaca a liña que abastece á bisbarra, de 220 kw.




Pero o que si é destacábel é o subsector eólico, que rexistrou un aumento espectacular. De feito, dende o comezo no 2004 das expropiacións de terras ata a actualidade, a Serra de Meira está cuberta de xeradores eólicos. Eólicos Iberdrola que promove unha instalación de 49,3 MW de potencia. Se ben este tipo de enerxía é positiva por ser renovábel e non contaminante; é tamén un nefasto impacto ambiental na Serra que ademais xera escasos postos de emprego, basicamente mantemento.

7.- Análise sectorial III: O sector servizos

O sector servizos é, xunto co sector primario, o que xera máis emprego. Concéntrase maioritariamente na cabeceira comarcal, Meira, cun destacado comercio. O seu carácter de mercado agrogandeiro implicou a instalación de numerosos establecementos dedicados á venda de produtos para o campo.

Pero a proximidade da cidade de Lugo eclipsa o poder de Meira en canto a atracción terciarios, como sucede con algunhas cabeceiras mariñás, que exercen de imán respecto ao concello de Riotorto.

Dito sector englobou, segundo o IGE, un total de 208 empresas no 2008, as cales caracterízanse por ser empresas pequenas con menos de 2 asalariados na súa maioría.



Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2007)

7.1.- O comercio

Segundo os datos aportados polo Atlas Socioeconómico do pasado ano 2009 de Caixanova, os catro municipios da bisbarra de Meira vense moi influenciados principalmente pola cabeceira da área comercial de Lugo, sendo a distancia media de 34 quilómetros (máxima distancia a Riotorto: 55km, e mínima a Pol: 24kms); e tamén, aínda que en menor medida, as zonas da mariña Vegadeo- Ribadeo e incluso a contigua Vilalba.

Tendo por tanto isto en conta, xunto co declive económico actual, atopámonos cunha evolución da cota de mercado segundo o anuario de La Caixa negativa, é dicir, cunha baixada dun 11,7%. Cifra inferior á media provincial, pero superior á media galega.

De feito, o comercio nesta comarca é relativamente significativo no total provincial, supoñendo un 13% da cota total de mercado.

EVOLUCIÓN CUOTA DE MERCADO			
Concepto	2000	2008	% Var. 08/00
Comarca de Meira	5,31	4,69	-11,7%
Lugo	890	781	-12,2%
Galicia	6.453	5.874	-9,0%
% Meira / T Galicia	0,1%	0,1%	
%Lugo / T Galicia	13,8%	13,3%	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo anuario de La Caixa

Se facemos unha análise respecto ao comercio almacenista e retalista, observamos como tan só Meira, xunto coa comarca da Terra Chá, presentan un índice comercial almacenista superior ao retalista. Este índice non se debe confundir co número de comercios, xa que de feito tan só son 33 os almacenistas fronte 117 comercios retalistas. O índice comercial reflicta o peso relativo da actividade comercial dos mesmos dentro do municipio, elaborándose en función do imposto de actividades económicas, é dicir, dos euros recadados respecto ao total.

Polo tanto, a nivel comarcal os datos son significativos, son os comercios retalistas os que máis riqueza aportan nesta bisbarra. Porén, respecto ao total que representa este índice no total lucense, apenas acadan entre ambos os dous un 3% escaso.

INDICE COMERCIAL		
	Almacenista	Retalista
Meira	24,8	9,8
Lugo	1165,5	1233,9

Fonte: Datos portados polo Atlas Socioeconómico Caixanova, 2009

En canto á variación nos últimos 5 anos dos que se teñen datos, tanto o comercio almacenista como o retalista tiveron na bisbarra de Meira un descenso moi significativo de entre 11 e 15% respectivamente. Estes datos son completamente opostos aos de nivel provincial, onde creceron pouco, pero medraron (2 e 0,6% respectivamente); e os datos autonómicos onde o seu crecemento foi moito máis elevado (8,4 e 23,2% respectivamente). Este brusco descenso puido ser motivado por diversos motivos entre os que destacarían o poder que exerce a cidade de Lugo como área de atracción comercial, así como o lixeiro descenso da poboación ou mesmo o impacto da crise. Non obstante, en canto á densidade, é dicir, o número de comercios en función da poboación, é similar nos tres casos.

COMERCIO MAYORISTA Y MINORISTA 2008				
	Concepto	Comercio Almacenista	Comercio Retallista	Total Actividades
Meira	Nº 2008	33	117	150
	% Var. 08/03	-10,8%	-15,2%	-14,3%
	nºcomer/poboa 1000	5,52	19,58	25,11
	comercio / km2	0,11	0,38	0,48
Lugo	Número	1.651	8.279	9.930
	% Var. 08/03	2,2%	0,6%	0,9%
	nºcomer/poboa 1000	4,64	23,29	27,93
	comercio / km2	0,17	0,84	1,01
Galicia	Nº 2008	12.733	64.874	77.607
	% Var. 08/03	8,4%	10,26%	9,9%
	nºcomer/poboa 1000	4,57	23,30	27,87
	comercio / km2	0,43	2,19	2,62

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo anuario de La Caixa Variación 08/03

Desagregando os datos das actividades comerciais retallistas, podemos confirmar o que xa vimos noutros apartados, que no concello de Meira reside a cabeceira da bisbarra, concentrándose nesta vila máis do 80% das actividades comerciais, tanto de alimentación como non. O que si destaca, é que non por ter máis comercio ten máis superficie, senón que máis ben destacan os outros tres concellos de Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto que, aínda que non teñen unha elevada presenza comercial, a existente presenta unha elevada superficie.

FORMATOS COMERCIAIS (Nº ACTIVIDADES E SUPERFICIE)				
ALIMENTACIÓN	Meira		Lugo	
	Nº actividades	Superficie	Nº actividades	Superficie
Comercio	27	863	2.075	63.786
Supermercados	2	262	324	123.473
Total Alimentación	29	1.125	2.399	187.259
NON ALIMENTACIÓN				
Vestido e calzado	10	616	1.246	94.264
Fogar	12	1.089	1.240	252.249
Resto no alimentación	51	6.133	2.773	340.185
Total no alimentación	73	7.838	5.259	686.698

Fonte: Datos aportados polo Atlas Socioeconómico Caixanova, 2009

E é que a bisbarra de Meira non presenta grandes superficies, nin grandes almacéns, nin hipermercados; pero si catro “comercios ambulantes” ou mercados, é dicir, feiras que se atopan situados nos concellos: Feira de Augaxosa en Riotorto, Feira de Meira en Meira, Feira de Mosteiro en Pol e Feira de San Isidro en Pol. Feiras, cunha densidade comercial de 0,67 por cada 1000 habitantes. Densidade, que analizada nos outros formatos comerciais, asimílanse á provincial, aínda que lixeiramente menor na bisbarra, sobre todo en cando a vestido e calzado. E por superficie, como xa dixemos, son locais máis reducidos, adaptados ás construcións onde se sitúan (xeralmente en baixos de vivendas antigas), ao tipo de tendas (pequenos comercios, sen hipermercados nin grandes superficies moito máis voluptuosas) e aos tamaños das vilas.

FORMATOS COMERCIAIS (Nº ACTIVIDADES E SUPERFICIE)				
ALIMENTACIÓN	Meira		Lugo	
	Nº activid/1000 hab.	Superficie(m ²)/1000 hab.	Nº activid/1000 hab.	Superficie(m ²)/1000 hab.
Comercio	4,52	144,463	5,84	179,40
Supermercados	0,33	43,86	0,91	347,27
Total Alimentación	4,85	188,32	6,75	526,68
NON ALIMENTAC.				
Vestido e calzado	1,67	103,11	3,50	265,12
Fogar	2,01	182,29	3,49	709,46
Resto no	8,54	1026,62	7,80	956,79
Total no	12,22	1312,02	14,79	1931,37

Fonte: Datos aportados polo Atlas Socioeconómico Caixanova, 2009

Existen Tendas moi variadas e diversas que reflicten na economía da poboación meirega e no seu benestar, podendo os seus habitantes atopar nas súas vilas multitude de servizos ao seu servizo: confeitaría, compra e venda de automóbiles, confeccións, ferraxaría, xoiaría, funerarias, tendas de deporte; tendas de deseño multimedia, deseño web, informática; drogarías, electrodomésticos, farmacias, estancos, ximnasios e fisioterapia, floraría, fotografía e vídeo, xestoría e asesoría, inmobiliarias, librerías, imprentas, limpeza, notaría, perrucaría, queixaría, pinturas, panadaría, óptica, tendas de roupa, seguros, tanatorios, taxis, telefonía, supermercados, talleres mecánicos, transportes, veterinarias, zapatarías...

7.2.- Hostalaría e ocio

O sector da hostalaría e o ocio en Galicia sempre foi unha característica destacábel da nosa cultura. Non obstante, a bisbarra de Meira ao igual que a provincia de Lugo no conxunto autonómico, non presenta un elevado índice, aínda que destacan os establecementos na cabeceira comarcal. Incluso, a cifra de variación viuse máis do dobre reducida que a da provincia, ca perda de 6 locais, o que representa un -14,6% en Meira fronte ao -6,8% en Lugo. Así mesmo viuse reducida tamén no total galego, pero en moita menor contía.

ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN E BARES NA BISBARRA DE MEIRA			
Concepto	Nº Activ 03	Nº Activ 08	% Var.
Meira	41	35	-14,6%
Lugo	3.229	3.009	-6,8%
Galicia	23.717	23.551	-0,7%
% Meira / T Galicia	0,2%	0,1%	
% Lugo / T Galicia	13,6%	12,8%	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo anuario de La Caixa

De todas formas, pese a ser estes datos tan negativos, a cultura dos bares e restaurantes déixase notar na bisbarra, con locais de destacado nome. Segundo a web Turgalicia, se queres comer nesta bisbarra podes elixir entre os restaurantes Boavista, Casa Pedreira, Mesón O Pozo ou Nova Pizza en Meira; Mesón o Mazo, Casa Rodil e San Cristóbal en Riotorto; Novo en Pol ou Casa Horacio en Ribeira de Piquín.

Pero o que máis destaca neste sector de hostalaría e ocio son as casas e aloxamentos rurais da comarca de Meira, onde podemos atopar a *Casa Cazoleiro* en Meira ou, a *Casa de Arés*, o *Hotel Mirador de Barcia* e *Luna de Vilar* en Ribeira de Piquín. Son iniciativas que pouco a pouco comezan a despuntar, explotando os recursos paisaxísticos e monumentais da comarca.

7.3.- Turismo

Se falamos en cifras, o índice turístico segundo o anuario de La Caixa é nulo na bisbarra. Non obstante, e a pesar de que a comarca está formada por tan só catro concellos que ocupan unha extensión pouco relevante, a amplitude de recursos turísticos é notábel. Tamén, a pesar de non tratarse dunha área especializada no turismo, as terras de Meira contan con importantes manifestacións arquitectónicas, consideradas algunhas delas como verdadeiras obras de arte.

- **Patrimonio cultural.**

Por un lado, destaca a **arquitectura relixiosa**, cun claro representante no conxunto do mosteiro cisterciense: a igrexa de Santa María de Meira. Dende finais do século X as primeiras comunidades de monxes comezaron a instalarse nesta área, construindo a pequena igrexa de San salvador, substituída anos despois polo propio mosteiro. A igrexa de Santa María foi edificada a finais do século XII en estilo cisterciense e as súas obras prolongáronse ata ben entrado o século XII.

Caracterízase por unha fachada moi sobria, cun gran rosetón e unha torre situada por diante da fachada. No interior, con planta de cruz latina, destacan a nave central con bóveda de canón e as laterais con bóveda de aresta. O gran claustro, do século XVI, posúe estilo renacentista e conta con columnas e capiteis onde resalta a ornamentación con símbolos vexetais. Esta importante construción foi declarada Ben de Interese Cultural en 1931.



Foto: Igrexa de Santa María de Meira -esqda.- e Concello -dta.- (Meira)



Foto: Nosa Señora das Neves (Pol)

No medio rural tamén se poden atopar numerosas e belas mostras de arquitectura relixiosa, como as igrexas románicas de Valonga e Cirio, e a barroca de Hermunde, todas elas no concello de Pol. No concello de Riotorto atópanse algunhas pequenas ermidas de bela feitura, como a capela de San Roque e San Bernabé. En Pol é admirábel a ermida de Nosa Señora das Neves, cunhas magníficas vistas sobre toda a chaira luguesa e as serras orientais.

ARQUITECTURA RELIXIOSA DA BISBARRA DE MEIRA	
Meira	Ribeira de Piquín
<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa Mosteiro de Santa María de Meira: S.XI, estilo románico borgoñón. Consagrada en 1258, destaca o seu claustro renacentista do S.XVI. - Ermida de San Pedro - Igrexa Consistorio de Meira - Capela de San Isidro de Paredes: S. XIX 	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de Baos: Románica - Igrexa Parroquial de San Xurxo de Piquín: 1782, Neoclásica - Igrexa Parroquial de Santa Baia de Piquín: Barroca, S. XVII - Igrexa Parroquial de Santalla
Riotorto	Pol
<ul style="list-style-type: none"> - Capela da Veiga - Capela de Santiago - Capela de San Roque y San Bernardo - Igrexa Parroquial de San Pedro de Aldurfe - Igrexa Parroquial de San Xillao de Ferreiravella - Igrexa Parroquial de Santa María de Espasande: S. XVII - Igrexa Parroquial de Santa Marta de Meilán, S. XVII - Igrexa Vella de San Xillao de Ferreiravella - Capela do Lourido - Igrexa da Ermida - Igrexa do Sagrado Corazón de S. Pedro de Riotorto: S. XVIII; Neogótica - Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Muxueira - Igrexa Parroquial de San Pedro de Riotorto - Igrexa Parroquial de Santa Comba da Órrea - Igrexa Parroquial de Santa María de Galegos 	<ul style="list-style-type: none"> - Igrexa de San Pedro de Ermunde: Barroca - Igrexa de San Martín de Caraño - Igrexa de Santa María de Valonga: Románico - Igrexa Parroquial de San Bartolomeu de Lea - Igrexa Parroquial de Santa María de Frialde: barroca - Igrexa Parroquial de San Martiño de Lúa - Igrexa de Santa María de Cirio: neoclásica

Fonte: Turgalicia

A abundancia de **pazos e casas grandes** é unha constante en todo o espazo, pero destaca sobre todos eles o concello de Pol. Existen varios pazos importantes: a casa de Enriba e a casa grande de Olga, en Caraño; a casa de Pousadela, en Luaces; a casa grande de Fondón, en Cirio; e a casa do Avogado, en Lea, que forma un conxunto arquitectónico coa igrexa.

En Riotorto destacan a torre do Mouro, gótica do século XIV e o ruinoso castelo de Penafior, así como algunhas casas grandes como a casa de Rancaño, a casa dos Moirón ou a casa do Peineiro.



Foto: Casa do Avogado, Lea (Pol)

ARQUITECTURA CIVIL DA BISBARRA DE MEIRA	
Riotorto	Pol
- Casa de Pizca (Pazo e Casa grande) - Casa de Rancaño - Casa dos Moirón - casa do Peineiro - Torre do Mouro: S. XIV, gótica - Castelo de Penaflores	- Casa de Pousadela (Pazo) - Casa Grande de Enriba - Casa Blasonada de Pousadela (Pazo) - Casa do Avogado (Pazo) - Casa Grande de Fondón (Pazo)
Meira	
- Concello de Meira (Edificio Singular)	

Fonte: Turgalicia

Na bisbarra tamén existen moitos **restos arqueolóxicos** dignos de visitar. Éstes predominan principalmente na Ribeira de Piquín, onde podemos atopar restos de poboado Celta e Precelta en Insua; o Castro de Cabaceira e o Castro de Texeira, ambos os dous de orixe celta, e as Mámoas de Baos, restos arqueolóxicos prehistóricos. E tamén en Meira, onde podemos atopar o Castro de Pumarín, o dolmen de “O Cortello da Vella”, as medorras de Paredes, en San Martiño de Lúa, en San Martiño e no Monte de Piñeiro.

Incluír como patrimonio de interese dúas bibliotecas: a de Riotorto e a de Mosteiro, polo seu grande interese cultural.

- **Patrimonio natural.**

No eido do **patrimonio natural**, os concellos de Ribeira de Piquín e Riotorto destacan por posuír un relevo moi atractivo, con alternancia clara de vales e montañas. Ribeira de Piquín é un concello moi pouco poboado, polo que se pode observar unha paisaxe pouco deteriorada onde se combinan montes e vales, fragas e pastos.

O río Eo permite gozar da pesca, con dous importantes coutos pesqueiros. O couto de Ribeira de Piquín está delimitado nun tramo de nove quilómetros pola desembocadura do río Rodil, no sur, e a pasarela da volta da Teixeira, neste mesmo concello polo norte. O de Vilarmide conta cun tramo de sete quilómetros con límite meridional no anterior couto e setentrional no concello da Pontenova. En ambos os dous pódense pescar especies como a troita e o reo.



Foto: Val do Río Rodil (Ribeira de Piquín)



Pero o que máis destaca ademais dos prados, concas fluviais e montañas, é o Pedregal de Irimia, situado a poucos quilómetros do concello de Meira, é o lugar onde realmente nace o río Miño, aínda que, como o río convértese en subterráneo e emerxe na Lagoa de Fonmiñá (A Pastoriza), historicamente considerouse esta lagoa como o nacemento.

Foto: Pedregal de Irimia, Meira

Lendas de O Pedregal de Irimia e de Meira

Contan as lendas sobre o nacemento de Miño, que en aquelas terras vivía unha vella maga chamada Irimia que se levaba mal cos monxes do convento. Un día, mentres vivía o seu gando, foron os monxes a cobrarlle os impostos que nunca pagaba, e ela para defenderse comezou a tirarlles pedras para botalos dos seus terreos, polo que os monxes decidiron quedar coas súas terras ricas en fontes para manter o seu gando. A feiticeira botoulles un conxuro e cubriu o nacemento de Miño con pedras moi grandes ata o fondo do seu terreo para que non puidesen ir á auga. "Nunca poderedes probar a primeira auga deste río porque é miño". É por iso que o Pedregal lle da nome ao nacemento de Miño, en "O Pedregal de Irimia".

Outra lenda fala duns homes pecadores convertidos en pedras que agardan a redención das súas almas coas augas limpas que alí nacen. Unha lenda relacionada coa igrexa e en concreto coa imaxe de San Bieito que no seu retablo aparece a imaxe dun corvo cun anaco de pan no pico. Dí que san Bieito cumpría e facía cumprir unha regra moi estrita, polo que suscitaba certo rexeitamento entre a súa comunidade, así que nunha ocasión lle serviron un biscoito de pan envenenado. San Bieito adicaba dar de comer no afeizar da ventá da súa cela un corvo nos seus longos xaxúns. Ese día o corvo quitoulle un anaco de pan envenenado para que el non o comese salvándose así a vida.

• Festas e Feiras

Na comarca de Meira, de fonda tradición agropecuaria, proliferan numerosas feiras e mercados de intercambio de produtos do campo. A capital comarcal posúe unha importante feira quincenal celebrada o segundo e o cuarto domingo de cada mes en horario de mañá. Tradicionalmente, foi fundada polos monxes do convento e conta cunha grande afluencia de público.

Na mesma vila, dende 1999, celébrase a Feira Meira Mostra, coa exposición de maquinaria agrícola, artesanía e xardinaría. Esta exposición, organizada pola Asociación de Comerciantes, posúe numerosas actividades, como a concentración de coches antigos e de rallyes, gandaría cabalar, exposicións fotográficas, actuacións folclóricas e musicais, concentración de motos e adestramento de cans. Celébrase unha vez ao ano no campo da feira, actual praza do concello.

En Mosteiro ten lugar todos os primeiros venres de cada mes unha feira mensual, mentres que no Chao do Pousadoiro, a capital do concello de Ribeira de Piquín, a feira celébrase os días 23 e os sábados finais de cada mes. En Riotorto, o segundo sábado de setembro celébrase a Feira de Augaxosa.

Polo que respecta ás festas de tipo relixioso, non se poden esquecer as patronais, das que destacan as de San Roque de Meira, o 16 de agosto, e as do Corpus no mes de xuño.

En Meira, o día dous de febreiro, celébrase a tradición da bendición das candeas de cera na Festa das Candeas.

Outras festas importantes na bisbarra son o Santiago, en Silva, e as festas de Santa Isabel e San Pedro en Riotorto, a finais de xuño. Tamén son coloristas as Festas dos choferes neste mesmo concello, a finais de xullo, coa beizón de camións e turismos.



Foto: A feira de Meira, nos anos 40

Como festas de tipo non relixioso destacan a do Emigrante, en Pol o 24 de agosto, e a da Malla, festa de Interese Turístico que rememora esta actividade en Meira.

Romarías salientábeis son a Xira do Pedregal, con merenda no campo ao son do nacemento do Miño, que coincide coa da parroquia de Meira; e a Romaría de Nosa Señora das Neves, o día cinco de agosto, en Suegos (Pol).

• Etnografía

Tradición e artesanía xúntanse en Meira e maniféstanse nos numerosos obradoiros artesanais que hoxe están espallados pola bisbarra. Riotorto sobresaie entre todos os concellos pola súa artesanía de ferro.



Foto: Ferreiro traballando, Riotorto

As tradicionais ferrarías, presentes en todo o val do Eo, dende tempos inmemoriais, acadan hoxe unha grande significación neste pequeno concello. Riotorto, coñecido popularmente como “a terra dos ferreiros”, conserva hoxe algunhas ferrarías e obradoiros artesanais, maioritariamente situados nas parroquias de Espasande de Baixo e Ferreiravella, un topónimo que recorda este tipo de oficios. Son tres os obradoiros que aínda hoxe se manteñen nestas dúas parroquias. A tradicional produción de coitelos, fouces e gadañas nas ferrarías do concello acada matices artesanais. Artesáns do medal que se poden visitar nas fragas.

A artesanía complétase cunha **arquitectura popular** moi rica e con elementos poucos habituais no territorio galego. Dentro dos conxuntos arquitectónicos da comarca destacan tres aldeas no concello de Ribeira de Piquín: Barcia, Esqueira e Santalla; dúas en Riotorto: A Órrea e Espasande de Arriba, e unha en Pol: Lúa.

ARQUITECTURA POPULAR DA BISBARRA DE MEIRA	
Riotorto	Ribeira de Piquín
- Aldea de A Orrea - Aldea de Espasande	- Aldea de Barcia - Aldea de Esqueira - Aldea de Santalla
Pol	
- Aldea de Lúa	

Fonte: Turgalicia

Estas aldeas contan cunha estrutura rural moi pouco alterada, con rúas estreitas, vivendas construídas e cubertas de lousa e un típico elemento: o hórreo asturiano. Esta construción, moi popular no oriente lugués, está presente en todo o territorio asturiano e diferénciase do hórreo galego en que é de forma cadrada e elevado sobre o chan por piares de madeira. A cuberta é de lousa a catro augas. Todos están situados en áreas montañosas e de fortes pendentes.

Outro recurso etnográfico importante é a gastronomía. Estas terras, pródigas en boas carnes, caza e pesca, poden presumir de ter bos produtos como a perdiz, a lebre, o corzo ou o bo peixe do Eo: troitas, reos e anguías.




Fotos: Típico hórreo cadrado –esqda.- e hórreo tradicional galego –dta.-, Ribeira de Piquín



• Infraestruturas turísticas

Están presentes algúns miradoiros e áreas recreativas, como os que se poden atopar en Ferreiravella, en Riotorto, cunhas impresionantes vistas sobre o val do río Eo. O mesmo sucede coa área recreativa de Regolongo, xusto aos pés do Pedregal de Irimia, onde nace o río Miño, que conta cun moi bo equipamento.

Foto: Área recreativa de Riotorto.



ÁREAS RECREATIVAS DA BISBARRA DE MEIRA	
Meira	Riotorto
- Area Recreativa de Regolongo	- Mirador de Ferreiravella
Pol	
- Área de Recreo de Mosteiro	

Fonte: Turgalicia

7.4.- O sector público

O peso do sector público, nunha bisbarra tan pequena como Meira, non é máis que o mínimo indispensábel.

En primeiro lugar, os catro concellos, que son organismos de administración xeral de ámbito local nos que o número de asalariados sitúase na franxa oscilante de entre 10 e 50.

E por outro lado, os catro Centros de Saúde de Atención Primaria que teñen presenza nas vilas e tamén os seis Centros Educativos que incluían Centros de Educación Infantil e Primaria, Institutos de Educación Secundaria e a Escola Municipal de Meira; como xa vimos no apartado 2.3.1. Centros Sanitarios e Educativos. A isto, incluírllle os Puntos de Atención Primaria existentes de titularidade municipal.

Merece a pena destacar tamén a Axencia de Extensión Agraria que posúe Meira, así como as Casas de Cultura de Meira e Pol, a Oficina de Información Turística de Meira, as Piscinas Municipais, a Central Depuradora de Auga, a Oficina de Correos en Meira, o Cuartel da Garda Civil e a Oficina de Incendios Forestais, xunto coas bibliotecas, entre outros servizos de interese de titularidade pública.

7.5.- A banca

O peso da banca nesta bisbarra é moi importante, destacando ante todo na cabeceira comarcal, Meira. Isto débese a que o número de bancos e caixas existentes é moi elevado en comparación con outras vilas. En Meira podemos atopar un Banco Pastor, un NovaGalicia banco, un Banesto, unha Caixa Rural Galega, un Banco Popular, un Banco de Galicia e un Banco Santander entre outros.

Este importante peso xa ven dende anos atrás, pois nos últimos 10 anos tan só cerrou unha oficina no concello de Meira, o que supuxo porcentualmente un 10%; cifra que se aproxima tamén á variación descendente da provincia de Lugo. Este 10% pode vir xustificado en que a poboación reduciuse tamén nun 14% nese mesmo período.

De todas formas, facer fincapé tamén no *ratio* número de oficinas cada 1000 persoas, o cal destaca na bisbarra polo seu elevado índice de 1,51 fronte o 0,95 e 0,90 da provincia de Lugo e da Comunidade.

EVOLUCIÓN OFICINAS BANCARIAS					
Concepto	2000	2005	2009	% Var. 09/00	Nº oficina/ 1000 perso
Meira	10	9	9	-10,0%	1,51
Lugo	385	340	336	-12,7%	0,95
Galicia	2.513	2.387	2.512	0,0%	0,90

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo anuario de La Caixa


7.6.- Transportes e comunicacións

Como xa vimos no apartado 2.2.- Infraestruturas e equipamentos (véxase mapa adxunto), a principal vía de comunicación de Meira é a nacional N-640, que comunica Lugo con Ribadeo. Esta estrada atravesa a zona oeste da bisbarra, tendo como eixe central o concello de Meira.

Asemade, pola mesma zona oeste, atopámonos con outras dúas estradas comarcais de vital importancia: a estrada LU-120 con dirección a Vilalba e a estrada LU-122 con dirección Mondoñedo e Lourenzá. Ambas as dúas, estradas medianamente modernizadas e recentemente amañadas.

No entanto, a zona este só ten como vía máis destacábel a estrada comarcal LU-750 dirección Baralla, a cal, en contra das dúas anteriores, atópase nunhas condicións lamentábeis.

Se falamos do acceso en autobús, as liñas son Coruña-Ribadeo, con parada 3 veces ao día en ambos sentidos; e Tui-Irún, o cal so pasa dúas veces ao día en ida e volta.



En canto á rede ferroviaria, os puntos máis próximos onde atopar andeis son en Ribadeo e Lugo; mentres que para acceder ao transporte aéreo, as canles son ás mesmas para a bisbarra de Meira como para a provincia de Lugo: *Alvedro* en A Coruña, *Labacolla* en Santiago de Compostela e *Peinador* en Vigo

Rede ferroviaria

Fonte: Atlas de Galicia

A nivel de telecomunicacións, a bisbarra presenta unha cifra en alza, tendo liña de banda ancha 6 de cada 100 habitantes, cifra inferior á provincial (10,69%) e á autonómica (13,297).

LÍNEAS DE BANDAS ANCHAS		
Concepto	Liñas bandas ancha 2008	Banda ancha/100 per
Meira	317	6,04
Lugo	38.008	10,69
Galicia	370.220	13,297

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo anuario de La Caixa

Esta cifra non é moi salientábel, xa que é moi inferior á media, sinal dunha poboación menos informada, menos actualizada e menos comunicada por mecanismos máis modernos.

8.- Outros indicadores de riqueza

8.1.- Renda familiar dispoñíbel e PIB por habitante

O indicador medio de renda familiar dispoñíbel por habitante na comarca de Meira é máis baixo que o da propia provincia e tamén o de Galicia. Pero, a pesar disto, acérase a ditas medias, estando así só por detrás da Mariña Lucense. Destaca ademais, a bisbarra de Meira cun elevado indicador.


Tendo en conta o PIB por habitante na bisbarra con 15.442 €/habitante, esta é lixeiramente inferior á media provincial e galega, destacando de novo a bisbarra de Meira. Pero en contra da estatística anterior, a bisbarra segundo este *ratio* atópase nos últimos postos con respecto ao resto de bisbarras lucenses.

RENDA FAMILIAR E PIB COMARCA DE MEIRA		
Concepto	Renda familiar disp €/hab	PIB €/hab
Comarca Meira	13.315	15.442
Meira	14.652	21.348
Pol	12.917	12.287
Ribeira de Piquín	11.415	12.000
Riotorto	13.161	14.101
Provincia Lugo	13.622	19.383
Galicia	13.547	19.762

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Atlas Socioeconómico de Caixanova (2009)


8.2.- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas

Graficamente, segundo os datos que radican no IGE para o ano 2007, se facemos unha análise do IRPF da comarca, este resulta dos máis baixos de toda a provincia de Lugo, aínda que nos últimos anos tivo un lixeiro ascenso.




Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2007)

Se separamos este imposto nos seus compoñentes, veríamos como é a actividade do traballo a que maioritariamente compón a renda da poboación meirega con máis dun 50%. Actividade importante pero de baixa contía se comparamos co resto de comarcas, aínda que bastante similar á media provincial.




Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2007)

De feito, son as actividades económicas as que máis aportan, destacando neste sentido a comarca de Meira por ser unha das poucas de toda Galicia con maior rendemento nas actividades, tanto na estimación directa coma na obxectiva.



Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2007)



Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2007)

8.3.- Evolución de automóviles

A análise na evolución de automóviles é considerado como un indicador da capacidade adquisitiva, e polo tanto, como índice de riqueza o parque existente de vehículos.


No caso da comarca de Meira, esta variación é lixeiramente inferior á variación provincial e tamén á comarcal, sendo o máis destacábel o feito de que o número de automóviles por habitantes é moi inferior ao da provincia e ao de Galicia.

Estes datos poden resultar paradoxais, xa que trátase dunha vila onde as súas vías principais de acceso son meramente estradas nacionais e comarcais como xa vimos, e polo tanto, son os automóviles os máis utilizados para desprazarse. Pero hai que ter en conta, ante todo, que estamos ante unha vila de poboación moi avellentada, polo que supoñemos que a taxa de poboación con carné de conducir é baixa, así como o feito de que as facultades necesarias para o seu uso, están mingoadas.

EVOLUCIÓN AUTOMÓBILES				
Concepto	2000	2008	% Var. 08/00	Autom/per 2008.
Comarca Meira	800	997	24,6%	0,19
Nº Lugo	142.296	182.092	28,0%	0,51
Nº Galicia	1.109.408	1.434.751	29,3%	0,52

Fonte: Elaboración propia a partir datos La Caixa

Engadir a isto, o auxe que están a ter as motocicletas nestes últimos anos na comarca, ben sexa por ser un método de desprazamento individual efectivo, ou ben, por exemplo, polos novos condutores que se están a sacar o carné.



Fonte: Instituto Galego de Estatística, (IGE, 2009)

9.- Análise DAFO

Unha vez analizada a poboación, o mercado laboral e os sectores económicos da bisbarra de Meira, resulta necesario realizar unha análise das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) da mesma.

A Análise DAFO ou Análise FODA (en inglés SWOT - Strength, Weaknesses, Opportunities, Threats) é unha metodoloxía de estudo da situación competitiva, neste caso dunha bisbarra, dentro do seu mercado e das características internas da mesma, a efectos de determinar as súas Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. As debilidades e fortalezas son internas á comarca; as ameazas e oportunidades preséntanse no entorno da mesma.

De modo resumido, recordemos brevemente en qué consisten:

- **Debilidades:** tamén chamadas puntos débiles, son aspectos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento efectivo da estratexia da bisbarra. Constitúen unha ameaza para a mesma e deben, por tanto, ser controladas e superadas.
- **Fortalezas:** tamén chamadas puntos fortes. Son capacidades, recursos, posicións alcanzadas e, consecuentemente, vantaxes competitivas que deben e poden servir para explotar oportunidades.
- **Ameazas:** defínese como toda forza do entorno que pode impedir a implantación dunha estratexia, ou ben reducir a súa efectividade, ou incrementar os riscos da mesma, ou os recursos que se requiren para a súa implantación, ou ben reducir os ingresos esperados ou a súa rendibilidade.
- **Oportunidades:** é todo aquilo que poida supoñer unha vantaxe competitiva para a empresa, ou ben representar unha posibilidade para mellorar a rendibilidade da mesma ou aumentar a cifra dos seus negocios.

9.1.- Análise interna: debilidades e fortalezas

- **Debilidades:**

Recursos e infraestruturas:

✧ **Deficiente rede de comunicacións.** Só existe unha vía principal de comunicación a Meira, a nacional N-640, que comunica Lugo con Ribadeo, atravesando a zona oeste da bisbarra; xunto con outras dúas estradas comarcais, a estrada LU-120 con dirección a Vilalba e a estrada LU-122 con dirección Mondoñedo e Lourenzá, ambas recentemente amañadas. Mentres que na zona este, só destaca a estrada comarcal LU-750 dirección Baralla, a cal atópase nunhas condicións lamentábeis sendo unha vía de comunicación de mal paso. É dicir, a bisbarra de Meira está ben comunicada en canto a súa zona chá, de conexión cá zona Vilalbesa e Mindoniense, mentres que, a súa zona montañosa pertencente á Serra, e polo tanto os accesos ás zonas montañas limítrofes, son escasas e malas.

✘ **Nula infraestrutura ferroviaria.** É preciso achegarse ata a cidade de Lugo ou mesmo ata Ribadeo se os meirenses desexan utilizar este medio de transporte no seu día a día, o mesmo para o transporte de mercadorías.

✘ **Deficiente comunicación de transporte público intercomarcal.** Dificultando a mobilidade de persoas e mercadorías ente as distintas bisbarras, xa que o número de paradas é moi escasa, con tan só 5 ao día, e para iso, nin sequera hai bus ata a Ribeira de Piquín, non hai liñas ata o Chao do Poudadoiro, algo que demandan a cotiá os cidadáns da Ribeira.

✘ **Baixo número de liñas de banda ancha.** En comparación tanto coa provincia como coa Comunidade, a bisbarra de Meira presenta un déficit nestes novos medios de comunicación.

✘ **Baixa cobertura de servizos sociais.** Os meirenses vense obrigados a desprazarse se necesitan acudir ás unidades de orientación familiar, saúde mental ou drogo-dependencia, así como ata os hospitais públicos que radican en Lugo, Burela e Monforte de Lemos; xunto cos hospitais privados existentes nestas comarcas, ademais do Centro Residencial de Castro de Rei.

✘ **Paisaxe montañoso.** Na zona da serra de Meira, que ocupa o centro do territorio comarcal e serve de liña divisoria entre as augas dos ríos Eo e Miño, o acceso e as comunicacións son dificultosas pola configuración da mesma, así como a existencia da tecnoloxía e a dura e propia forma de vida da zona.

Demográficas:

✘ **Crecemento demográfico negativo.** Nos últimos nove anos o descenso de poboación, representa un saldo vexetativo moi negativo cun descenso do 14,1%, que é a causa fundamental do declive.

✘ **Alto índice de avellentamento.** A poboación da bisbarra de Meira é unha poboación cun índice de avellentamento alto onde a xente nova escasea cada vez máis. Proporción que se manifesta máis nos concellos de Pol e Ribeira de Piquín, máis avellentados que os de Meira e Riotorto.

✘ **Taxa de actividade baixa.** Derivado do alto índice de avellentamento, a xente en idade de traballar na bisbarra de Meira superan lixeiramente o 57%.

✘ **Saldo migratorio negativo.** Cun claro predominio da emigración sobre a inmigración, prodúcese movementos de retorno de emigrantes, pero é maior o número de persoas que sae fóra deste espazo. A maior beneficiada desta perda é a cidade de Lugo, así como outras vilas próximas como Vilalba ou Ribadeo, que aproveitan as súas dotacións para atraer poboación nova da bisbarra meirega.

Laborais:

✘ **Taxa de paro significativa.** Sobre todo nun dos sectores principais na actividade económica de Meira como é o sector servizos, coa taxa de paro máis alta da bisbarra, resultado que responde ao carácter terciario da bisbarra. Porén, en canto á evolución do incremento do paro foi moi significativa no sector da construción, un dos máis afectados pola crise, e tamén o da industria. No resto de sectores, na bisbarra de Meira, o efecto desta crise foi practicamente insignificante.

✘ **Forte aumento de desemprego nos varóns de maior idade.** Por grandes grupos de idade, o desemprego incrementouse no tramo de maiores de 25 anos. E por xéneros o desemprego resulta máis acusado no sector masculino. Isto resulta lóxico derivado da crise, onde foron os sectores tipicamente masculinos onde o paro se incrementou máis (construción e industria).

Sector primario:

✧ **Nula concentración parcelaria.** Algo que é demandado hoxe en día pola poboación da bisbarra é a concentración parcelaria, sistema que todavía non pisou terras meirenses.

Sector industrial:

✧ **Actividade á baixa.** A variación de actividades industriais no período 2003-2008 foi negativa e bastante brusca en Meira en relación co resto do territorio, xa que este tipo de actividades víronse reducidas en máis do dobre do que se reduciu na provincia, mentres que en Galicia mantívose.

✧ **Baixa concentración:** estamos a falar dun só Parque Industrial e pequeno, con empresas pequenas e equipo reducido.

✧ **Degradación visual paisaxística na Ribeira:** por culpa do parque eólico.

Sector da construción:

✧ **Sector da construción débil.** E non só polo mero feito de que se reduciu bruscamente coa crise, aumentando o desemprego e dificultando a recolocación dos traballadores, senón que máis ben porque o sector da construción non é imperante nesta bisbarra. De feito é un dos sectores que menos aporta á economía. Asemade, o seu crecemento foi case nulo respecto á poboación, sendo a taxa na bisbarra de Meira de 0 habitantes por vivenda construída. A construción existente non é de vivendas necesarias para a poboación censada, senón que, son segundas vivendas ou vivendas de verán.

Sector servizos:

✧ **Eclipsado pola cidade de Lugo.** O sector servizos é o que xera máis emprego, concentrándose maioritariamente na cabeceira comarcal, Meira. Pero a proximidade da cidade de Lugo eclipsa o poder de Meira en canto a atracción de terciarios, como sucede con algunhas cabeceiras mariñás, que exercen de imán respecto ao concello de Riotorto.

✧ **Disparidade a nivel comercial.** A comarca de Meira absorbe todo o comercio, sendo o centro de toda a bisbarra.

Turismo - hostalaría:

✧ **Bisbarra con escaso peso turístico pero con zonas moi atractivas.** A bisbarra de Meira non presenta un elevado índice turístico, aínda que destacan os establecementos derivados destas actividades na cabeceira comarcal.

✧ **Estacionalidade turística.** Os recursos paisaxísticos están mal explotados, sendo de afluencia masiva só no período estival, dende xuño ata setembro.

✧ **Festas en declive.** Cada ano as festas da bisbarra van a peor. Non só tanto polos baixos recursos empregados cada ano, senón pola notoriedade das mesmas que perderon afluencia de público.

Xerais/Outras:

✧ **Gran dependencia da Deputación e da Xunta.** Son bisbarras con déficit económico no que respecta aos concellos, polo que necesitan e teñen unha gran dependencia económica da Deputación e mesmo da Xunta para un correcto desenvolvemento das actividades sociais e culturais, sobre todo en Ribeira de Piquín, Riotorto e Pol.

- **Fortalezas:**

Recursos e infraestruturas:

✘ **Singularidade paisaxística.** A configuración do relevo da bisbarra está determinado pola presenza de tres unidades morfolóxicas ben diferenciadas. En primeiro lugar, a serra de Meira, que ocupa o centro do territorio comarcal e serve de liña divisoria entre as augas dos ríos Eo e Miño; en segundo termo, ao oeste desta, a mal chamada meseta lucense, que se corresponde cunha antiga superficie de erosión; e en terceiro lugar ao leste da serra, está o val do Eo, moi encaixado entre as elevacións veciñas.

✘ **Espazos protexidos.** A diversidade paisaxística das terras meiregas levou ás administracións competentes no territorio a protexer certas áreas polo seu alto valor ecolóxico, estético e ambiental. Son dous os espazos protexidos na bisbarra de Meira: o río Eo, curso fluvial do oriente comarcal, e as fragas de Carballido, compartida coas bisbarras dos Ancares e A Mariña.

✘ **Parque empresarial de Meira.** Este parque atópase actualmente en plena fase de desenvolvemento, estando xa executada a primeira fase das dúas previstas segundo o Xestur de Lugo, empresa pública que promove e xestiona o parque.

✘ **Boa cobertura de servizos públicos.** Para ser unha bisbarra pequena, conta con notorios servizos públicos, cun total de 6 centros educativos, non só de educación infantil, primaria e secundaria; senón que tamén con Escola Municipal de Música. Igualmente respecto aos centros de saúde, contando polo menos con un en cada concello.

Demográficas:

✘ **Densidade de poboación baixa.** O feito de que a densidade de poboación media resultante sexa unha cifra baixa, de tan só 18,85 hab./ km², moi inferior á media galega e tamén á provincial luguesa, é unha cifra positiva en cando a consumo de recursos, sendo por tanto moi inferior a loita pola supervivencia. E dentro de cada concello, as diferenzas son abismais segundo as características xeográficas e socioeconómicas de cada un. Así pois, destaca cunha maior densidade a cabeceira de bisbarra, Meira, fronte o concello oposto, Ribeira de Piquín, de relevo accidentado por ser o lugar xeográfico da serra de Meira.

✘ **Concentración da poboación en Meira.** A evolución demográfica de Ribeira de Piquín, Riotorto e Pol, foi similar á do conxunto comarcal, mentres que Meira, como vila de cabeceira e debido a súa centralidade funcional, logrou un crecemento moderado de poboación ata estancarse e manterse bastante estábel e constante cun número de habitantes entorno aos 1800.

✘ **Diversidade cultural.** Do total da poboación un 2,62% da bisbarra é estranxeira, sendo o 76% homes e o 24% mulleres. Esta poboación estranxeira concéntrase nos municipios de Meira e Pol principalmente, enriquecendo culturalmente a zona, posto que segundo nacionalidades podemos atopar ata 9 distintas.

Laborais:

✘ **O segmento xuvenil e feminino xera emprego.** Por grandes grupos de idade, o grupo de menores de 25 anos descendeu moi notabelmente nun 45% no número de desempregados. Por xéneros, o sector feminino reduciu a súa cifra de paro en case un 8%.

✧ **O sector primario resiste.** Un dos piares básicos da economía meirega como é o sector primario resiste a crise, manifestando unha taxa de paro rexistrado de só o 4,1%. Que exista unha taxa de paro tan baixa non quere dicir que se estea ante unha bisbarra de grande dinamismo económico, senón que a actividade laboral céntrase fundamentalmente no sector primario, onde o desemprego é cativo.

Sector primario:

✧ **Elevado peso económico do sector agrícola e gandeiro.** Isto débese a que a economía da bisbarra de Meira é tradicionalmente agraria

✧ **Existencia de dúas cooperativas.** Son só dúas, e máis que deberían ser, pero son os primeiros pasos cara a evolución no sector, destacando por tanto a Cooperativa Chaín e a Cooperativa Pereiro.

Sector industrial:

✧ **Polígono industrial de Meira.** Como xa vimos, este parque atópase actualmente en plena fase de desenvolvemento, estando xa executada a primeira fase das dúas previstas. Isto permítelle á economía meirega unha maior dinamización e unha menor dependencia da industria externa.

✧ **Repercusión ambiental.** Grazas á industria enerxética dos eólicos, a repercusión ambiental neste senso é de baixo impacto.

✧ **Empresas de notoriedade.** Leite Celta, Prefabricados Eiros e Chacinaría O Mazo principalmente.

Sector da construción:

✧ **Número, superficie e calidade de vivenda.** As vivendas novas de Meira están fabricadas baixo procesos de calidade, sendo todas de maior superficie ca media. A isto engadir, que en canto a número, existe sobreproducción de vivenda, xa que principalmente son vivendas turísticas de promoción estival.

Sector servizos:

✧ **Moi importante peso económico do sector servizos.** O sector servizos é, xunto co sector primario, o que xera máis emprego e riqueza na bisbarra. Concéntrase maioritariamente na cabeceira comarcal, Meira, cun destacado comercio. O seu carácter de mercado agrogandeiro implicou a instalación de numerosos establecementos dedicados á venda de produtos para o campo.

✧ **Dinamismo comercial, sobre todo en Meira.** Tendas moi variadas e diversas que reflicten na economía da poboación meirega e no seu benestar, podendo os seus habitantes atopar nas súas vilas multitude de servizos ao seu servizo.

✧ **Forte sector financeiro, estando presente grandes bancos.** O peso da banca nesta bisbarra é moi importante, destacando ante todo na cabeceira comarcal, Meira. Isto débese a que o número de bancos e caixas existentes é moi elevado para o número de habitantes en comparación con outras vilas. De feito, en Meira podemos atopar o Banco Pastor, NovaGalicia Banco, Banesto, Caixa Rural Galega, Banco Popular, Banco de Galicia e Banco Santander entre outros.

Turismo - hostalaría:

✧ **Importante oferta turística.** A pesar de que a comarca está formada por tan só catro concellos que ocupan unha extensión pouco relevante, a amplitude de recursos turísticos é notábel. Tamén, a pesar de non tratarse dunha área especializada no turismo,

as terras de Meira contan con importantes manifestacións arquitectónicas, consideradas algunhas delas como verdadeiras obras de arte. Xa sexa derivadas da natureza e recoñecidas por todos os galegos, como é o nacemento do Miño no Pedregal de Irimia; ou ben turismo cultural grazas á presenza de grandes construcións arquitectónicas e relixiosas como as igrexas; ou incluso construcións menos coñecidas e históricas como os castros e os dolmens.

✧ **Oferta en ocio.** Na bisbarra de Meira nunca falta qué facer: partidos de fútbol, feiras, carreiras, Festas da Malla, sendeirismo, rutas a cabalo, *quads*, descanso en Casas Rurais.

✧ **Hostalaría en ascenso.** A cultura dos bares e restaurantes déixase notar na bisbarra, con locais de destacado nome: restaurante Boavista, Casa Pedreira, Mesón O Pozo ou Nova Pizza en Meira; Mesón o Mazo, Casa Rodil e San Cristóbal en Riotorto; Novo en Pol ou Casa Horacio en Ribeira de Piquín. Pero o que máis destaca neste sector de hostalaría e ocio son as casas e aloxamentos rurais da comarca de Meira, onde podemos atopar a *Casa Cazoleiro* en Meira ou, a *Casa de Arés*, o *Hotel Mirador de Barcia* e *Luna de Vilar* en Ribeira de Piquín. Son iniciativas que pouco a pouco comezan a despuntar, explotando os recursos paisaxísticos e monumentais da comarca.

9.2.- Análise externa: ameazas e oportunidades

- **Ameazas:**

Recursos e infraestruturas:

⊠ **Dificultades de financiamento do polígono industrial.** o parque leva en primeira fase de construción anos por problemas de financiamento para poder rematar a segunda fase do mesmo.

⊠ **Nova competencia de novos polígonos.** Proximamente, os municipios das inmediacións á bisbarra tamén terán os seus propios parques empresariais, xa que están inmersos na súa creación. Pola zona oeste da comarca, atopamos os Parques empresarias de A Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei e, pola zona oeste, o de Pontenova. A máis distancia, sen ser limítrofe e pola zona norte, os de Lourenzá, Barreiros e Foz. E igualmente, a máis distancia e pola zona sur, o de Outeiro de Rei, o Corgo e Lugo (P.E. Gándaras). E todo isto sen esquecermos dos parques empresariais xa existentes, como por exemplo o de O Ceao en Lugo.

Demográficas:

⊠ **Envellecemento da poboación como fenómeno estrutural.** O que agravará algunhas zonas, demandando máis servizos sociais cara outras comarcas que teñen os servizos e recursos axeitados.

⊠ **Éxodo da poboación.** Algunhas comarcas perden poboación cara outras comunidades, algo que a Meira tamén lle afecta, pese a que o concello está sobrevivindo grazas do éxodo dos concellos lindantes.

Laborais:

⊠ **Gran dificultade de xerar emprego e recolocar aos desempregados.**

Sector primario:

⊠ **Competencia da Terra Chá.** Ao compartir recursos, e neste caso, terra, as gandaría de Meira teñen que loitar coas da Terra Chá, problema que quizais se solucionase unindo forzas.

Sector industrial:

⊠ **Dependencia industrial de outras zonas.** Ao contrario que no sector primario (agricultura e gandaría) a industria é moi escasa. Empresas pequenas dedicadas á transformación dos recursos endóxeos. Isto débese a que diariamente aprécianse movementos cara ás industrias situadas na capital provincial e outras das bisbarras da Mariña.

Sector servizos:

⊠ **Influencia das capitais.** Os catro municipios da bisbarra de Meira vense moi influenciados principalmente pola cabeceira da área comercial de Lugo, sendo a distancia media de 34 quilómetros (máxima distancia a Riotorto: 55km, e mínima a Pol: 24kms); e tamén, aínda que en menor medida, as zonas da mariña Vegadeo- Ribadeo e incluso a contigua Vilalba. Tendo por tanto isto en conta, xunto co declive económico actual, atopámonos cunha evolución da cota de mercado en declive nun 11,7%. Cifra inferior á media provincial, pero superior á media galega.

Turismo - hostalaría:

✧ **Redución do turismo.** Nun contexto de crise como o actual un dos sectores máis castigados é o turístico.

- **Oportunidades:**

Recursos e infraestruturas:

✧ **Importante plan de expansión de novos Polígonos Industriais.** Quizais o feito de que nun futuro novos Parques se instauren nas bisbarras adxacentes permita unha mellor comunicación entre empresas.

✧ **Desvío da Nacional con acceso directo ao Polígono.** Isto permitirá que os camións e transportes de mercadorías non se vexan obrigados a pasar polo centro do pobo de Meira, co perigo que isto connota.

Laborais:

✧ **Posibilidades laborais no medio rural.** Tendo en conta o mundo actual no que vivimos, hai que tratar de buscar no medio rural o futuro medioambiental e de subsistencia óptimo que axude a crecer á poboación e a superar a actual crise.

✧ **Autoemprego.**

Sector primario:

✧ **Posibilidade de impulsar o sector gandeiro cárnico.** Dada a boa calidade dos tenreiros e pastos da Terra Chá.

Sector da construción:

✧ **Reorientar a actividade cara novas actividades.** Por exemplo cara á rehabilitación. Actualmente o Plan E impulsado polo Goberno xa axudou a Meira este pasado verán no que se dedicaron a reestruturar e modernizar o Pavillón de Deportes.

Sector servizos:

✧ **Seguir apostando pola terciarización da economía.** Dado o gran número de persoas empregadas nesta.

✧ **Afianzar a banca galega nestes momentos de cambio.**

Turismo - hostalaría:

✧ **Desenvolver o sector.** Dando enorme potencial á existencia de paisaxe, espazos protexidos, gastronomía e lugares de interese para os turistas.

✧ **Casas Rurais.** Hoxe en día existe moita cultura neste ámbito, onde os turistas se incrementan cada día máis polo estres das cidades, buscando descanso e natureza; así como os típicos deportes de sendeirismo, *quads*, cabalos...

Análise DAFO	Fortalezas	Debilidades
Análise Interno	<ul style="list-style-type: none"> • Singularidade paisaxística. • Espazos protexidos. • Parque empresarial de Meira. • Boa cobertura de servizos públicos. • Densidade de poboación baixa. • Concentración da poboación en Meira. • Diversidade cultural. • Segmento xuvenil e feminino que xera emprego. • Sector primario resistente á crise. • Elevado peso económico do sector agrícola e gandeiro. • Existencia de dúas cooperativas • Repercusión ambiental • Empresas de notoriedade. • Número, superficie e calidade de vivenda nova. • Moi importante peso económico do sector servizos. • Dinamismo comercial, sobre todo en Meira. • Forte sector financeiro, estando presente grandes bancos. • Importante oferta turística. • Oferta en ocio. • Hostalaría en ascenso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Deficiente rede de comunicacións. • Nula infraestrutura ferroviaria. • Deficiente comunicación de transporte público intercomarcal. • Baixo número de liñas de banda ancha. • Baixa cobertura de servizos sociais. • Paisaxe montañoso. • Crecemento demográfico negativo. • Alto índice de avellentamento. • Taxa de actividade baixa. • Saldo migratorio negativo. • Taxa de paro significativa. • Forte aumento de desemprego nos varóns de maior idade. • Nula concentración parcelaria • Actividade industrial á baixa. • Degradación visual paisaxística na Ribeira. • Sector da construción débil. • Comercio eclipsado pola cidade de Lugo. • Bisbarra con escaso peso turístico. • Estacionalidade turística. • Festas en declive. • Grande dependencia da Deputación e da Xunta.
	Oportunidades	Ameazas
Análise Externo	<ul style="list-style-type: none"> • Importante plan de expansión de novos Polígonos Industriais. • Desvío da Nacional con acceso directo ao Polígono. • Posibilidades laborais no medio rural. • Autoemprego. • Posibilidade de impulsar o sector gandeiro cárnico. • Reorientar á actividade cara novas actividades. • Seguir apostando pola terciarización da economía. • Afianzar a banca galega. • Casas Rurais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dificultades de financiamento do polígono industrial. • Nova competencia de novos polígonos. • Envellecemento da poboación como fenómeno estrutural. • Éxodo da poboación. • Gran dificultade de xerar emprego e recolocar aos desempregados. • Competencia da Terra Chá. • Redución do turismo. • Influenza das capitais. • Dependencia industrial doutras zonas.

10.- Plan de actuación recomendado

Recursos e infraestruturas:

1.- Mellora da estrada comarcal LU-750 dirección Baralla da zona este, a cal atópase nunhas condicións lamentábeis sendo unha vía de comunicación de moi mal paso. Así como, mellorar en xeral a conexión coa zona montañosa pertencente á Serra tanto como o resto de accesos ás zonas montañosas limítrofes, o que permitiría incrementar a poboación nesta zona e evitar ter que dar rodeos á hora de comunicarse con Meira.

2.- Mellorar a depuradora actual ou incluso instalar unha nova, posto que a actual non cumpre eficazmente a súa función, xerando problemas de contaminación importantes na bisbarra.

3.- Instauración dunha nova liña de bus que achegue aos cidadáns ata a Ribeira de Piquín. Incluso, a xente nova, e grazas a afección ciclista existente na vila, estaría disposta á instalación de postos de bicicletas que lles permitan desprazarse polas vilas. Iso si, bicicletas aptas, é dicir, de estrada.

4.- Instalación de wifi gratuíto para a vila, de forma que se poida achegar estas novas tecnoloxías de forma moito máis factíbel a todos os cidadáns.

Demográficas:

5.- Políticas sociais e económicas que eviten o éxodo da poboación das bisbarras, a través de creación de empresas e dotación de servizos sociais.

6.- Políticas sociais activas para atender ao envellecemento. Meira é unha poboación cun alto índice de xente maior de 65 que non conta cos recursos e as dotacións suficientes para atender aos seus maiores, obrigando en moitos casos a que alguén se quede ao seu cargo e a ter que desprazarse á cidade para a atención médica.

7.- Plans formativos específicos para elevar o nivel de estudos nas bisbarras. É dicir, aproveitando a existencia do instituto, non viría mal que neste se acollese un ciclo formativo. Isto permitiría formar á poboación, e sobre todo, incrementar a poboación nova residente na vila, o consumo e incluso o incremento de empresas nas que poder facer prácticas laborais.

Laboral:

8.- Levar a cabo unha política de fomento dos emprendedores, como a xeración de emprego e de riqueza económica, creándose viveiros de empresas nas bisbarras, axudando, de paso, ás xeracións máis novas na procura de traballo ou animándoos como autónomos a autoempregarse.

9.- Formación para os desempregados nos oficios que impliquen innovación e nos sectores emerxentes para aumentar as posibilidades de recolocación.

Sector primario:

10.- Incentivar as cooperativas e integrarse verticalmente. Tendo en conta á crise no sector a nivel da Comunidade, intentar motivar aos meirenses á creación de máis

cooperativas, ben sexa entre eles, levando unha marca propia que defina nos seus produtos a calidade de Meira, incrementando así maior valor engadido nos produtos. Ou ben, asociados á Terra Chá, baixo a marca de calidade da Terra Chá.

Sector industrial

11.- Creación dun viveiro de carácter industrial que posibilite tanto a creación de emprego como a dinamización empresarial da zona.

Sector da construción:

12.- Apostar pola rehabilitación de edificios antigos e singulares.

Sector servizos:

13.- Modernización do pequeno comercio para que poida competir coas grandes superficies instaladas nas cidades e facer fronte á crise.

Turismo - hostalaría

14.- Creación dunha marca propia que anexione os recursos paisaxísticos e culturais das catro comarcas, para intentar incrementar o número de turistas. Poderíase establecer un equipo loxístico turístico que se adapte aos catro concellos de forma que se poidan visitar os catro mediante sendeirismo, rutas a cabalo, *quads*...; xa que son recursos poucos explotados, que poderían incrementar o poder económico de Meira e evitar que as Casas Rurais sexan meras casas onde durmir.

Bibliografía

Libros:

- ◆ Consello Económico e Social de Galicia. 2001 *“Informe sobre as áreas funcionais de Galicia: Lugo”* Ed.: Santiago de Compostela, Consello Económico e Social de Galicia.
- ◆ Ledo Cabido, Bieito. 2005. *“Galicia en Comarcas: Terra Chá e Meira”*. La Voz de Galicia, Ed.: Ir indo, Vigo
- ◆ Precedo ledo, Andrés. 1998. *“Comarcas de Galicia”*. Ed.: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, D.L.
- ◆ Romaní Barriento, Ramón G. 1993. *“Atlas de Galicia”* Ed.: Nigra, S.L.; subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
- ◆ Sánchez Fernández, Patricio. 1999. *“Base estatística para a obtención de indicadores socioeconómicos das comarcas galegas”* Ed.: Consellaría de Economía e Facenda, Santiago de Compostela.

Enlaces web:

- ◆ Anuario Económico 2009 La Caixa: <http://www.anuarieco.lacaixa.comunicacions.com>
- ◆ Atlas Socioeconómico 2009 CaixaNova: <http://www.idcaixanova.com/portal/>
- ◆ byGalicia: <http://www.bygalicia.eu/>
- ◆ Banco de España: <http://www.bde.es>
- ◆ Cámaras: www.camaras.org
- ◆ Concello de Meira: <http://www.concellodemeira.com>
- ◆ Concello de Pol: <http://www.concellodepol.es>
- ◆ Concello de Ribeira de Piquín: <http://www.ribeiradepiquin.es>
- ◆ Concello de Riotorto: <http://www.concelloderiotorto.org/es>
- ◆ Confederación de Empresarios de Galicia: www.ceg.es
- ◆ Consellaría de Economía e industria: www.conselleriaiei.org
- ◆ Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, relación de centros educativos: <https://www.edu.xunta.es/webcentros/#resultados>
- ◆ Ices: www.ices.es
- ◆ Instituto Galego de Estatística: <http://www.ige.eu>
- ◆ Instituto Galego de Promoción Económica: www.igape.es
- ◆ Instituto Galego de Vivenda e Solo: <http://igvs.xunta.es>
- ◆ Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación: <http://www.maec.es/es>
- ◆ Rede Galega de Espazos Naturais protexidos: <http://medioambiente.xunta.es/espazosNaturais/espazos.jsp>
- ◆ Servizo Galego de Saúde: www.sergas.es
- ◆ Turgalicia: <http://www.turgalicia.es/>
- ◆ Xestur Lugo: <http://www.xesturlugo.com/soloempresarial.php>
- ◆ Xunta de Galicia: www.xunta.es

A terra de Meira, pequena vila que conserva parte do seu gran mosteiro, non responde a unha bisbarra natural, pois no seu territorio está presente espazo pertencente a diferentes unidades de relevo que se prolongan pola bisbarra veciña. O seu carácter de bisbarra ten que ver con espazos históricos, pero a súa principal razón deriva de ser Meira un centro de mercado que tradicionalmente organizaba o pequeno espazo situado entre a contigua Terra Chá, a montaña de meira e o val do Eo.

A modernización das comunicacións e o centro dos sistemas de relacións económicas foi debilitando o seu papel comarcal a favor da atracción á capital e doutros núcleos próximos.

É, polo tanto, unha bisbarra pouco consolidada, de pequena superficie e escasa poboación.